

20

»»»»» 24

ORZAMENTOS

CUMPRINDO COMPROMISOS

PENSANDO NO FUTURO

Aprobados polo Consello de Goberno o 27/12/2023

Aprobados polo Consello Social o 28/12/2023

Orzamentos

Aprobados polo Consello de Goberno o 27/12/2023

Aprobados polo Consello Social o 28/12/2023

Universidade de Santiago de Compostela

ÍNDICE

I. LIÑAS XERAIS	4
II. BASES DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA PARA O 2024.....	76
III. ANEXOS.....	93
Anexo A. Estrutura orgánica da xestión orzamentaria	93
Anexo B. Orzamento de ingresos 2024	96
Anexo C. Orzamento de gastos 2024	100
Anexo D. Créditos asignados aos departamentos universitarios	114
Anexo E. Créditos asignados aos centros docentes	116
Anexo F. Composición das partidas do fondo de I+D+i.....	118
Anexo G. Información sobre partidas de gasto	120
Anexo H. Compensación de custos indirectos.....	276
Anexo I. Cadros de persoal	277
Anexo L. Relación de postos de traballo do PAS	280
Anexo M. Relación de postos de traballo do PDI	324

I. LIÑAS XERAIS

UNHA OLLADA AO 2023

O ano 2023 destaca polas modificacións normativas que afectan á actividade da institución, singularmente a nova Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema universitario, que entrou en vigor en abril e tamén a modificación da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, aprobada en setembro de 2022 e a cuxos cambios aínda nos estamos adaptando.

Cómpre mencionar tamén que o Goberno estatal aprobou novos instrumentos xurídicos en materia de transferencia, en concreto, o Plan de Transferencia e Colaboración, cunha dotación de 1.200 millóns de euros, e que inclúe un eixe que se centra na transferencia do coñecemento xerado no sistema público de investigación cara ás empresas, o sector público e a sociedade, a través de distintos canais como a creación de *spin off*, as licenzas de patentes, a difusión de publicacións ou o asesoramento científico.

Tamén debemos mencionar que en 2023 se desenvolveron as previsións doutros cambios normativos profundos como foi a reforma laboral de decembro de 2021 e a Lei 20/2021, do 29 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e cuxos froitos se consolidarán en 2024 coa finalización dos procesos de estabilización pendentes.

Todo ese marco tradúcese nun conxunto de mudanzas que, en gran medida, as universidades aínda non completaron e que nos sitúa nun marco de reforma que culminará en 2024.

Porén, a USC foi quen de liderar os cambios durante este ano 2023. Por unha banda, desenvolveu plenamente a reforma laboral e a estabilización de persoal, incluíndo a de persoal investigador e de apoio á investigación que foi pioneira no Estado, pero tamén noutros ámbitos como a reorganización e consolidación das estruturas de investigación, onde se traballou na creación de dous novos institutos, a modificación e consolidación doutros dous e na proposta de creación dun centro de investigación no Campus de Lugo. Este traballo verá os seus froitos en 2024.

Así mesmo, desenvolveuse un modelo de convenio para regular a transferencia bidireccional con entidades públicas e privadas dando resposta aos novos retos que formulou a modificación da Lei da ciencia, a tecnoloxía e a investigación e que obrigan a facer unha aposta decidida pola transferencia do coñecemento.

Non obstante, o financiamento da investigación continúa cun severo problema ao estar sometido ás tensións de convocatorias competitivas cuxo retraso supón graves problemas para a continuidade da actividade. As previsións de financiamento da LOSU e da LCTI en materia de investigación, cun financiamento basal que permita o seu desenvolvemento de forma planificada e racional, acolléronse parcialmente no Plan de Financiamento do SUG 2022-2026 e terán que ser obxecto de revisión na liña agora establecida polas mencionadas normas.

E, aínda que con menor calado, é preciso destacar a incidencia que está tendo a execución de fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que supoñen un aumento de captación de recursos pero tamén unha elevada incidencia na xestión, o que levou á creación dunha unidade administrativa temporal, a Oficina Next Generation USC.

No ámbito estritamente económico 2023 foi un exercicio de certa estabilidade grazas á planificación e á estratexia en materia de enerxía derivada das circunstancias desencadeadas en 2022. Sen prexuízo dunha exposición máis detallada no seguinte apartado destas liñas, podemos concluír que a estratexia xeral de actualización das instalacións e de xestión, e en particular as medidas organizativas adoptadas, tiveron éxito na redución relativa e absoluta do consumo e do gasto en subministracións, tanto en relación coas reservas de crédito fixadas por REDEXGA como con respecto ao orzamentado pola USC e ao gasto real. Fomos capaces de adaptarnos, unha vez máis, a circunstancias adversas que podían comprometer a estabilidade orzamentaria da USC.

Cómpre destacar tamén que a inflación foi un elemento de tensión dos orzamentos públicos pero, especialmente, afectou ás economías familiares. Isto levou a que en 2023 se intensificasen as axudas de bonos comedor destinadas ao estudantado aumentando o orzamento previsto nun 50%. Como se exporá

máis adiante, é unha liña que continuará en 2024 tendo en conta que é unha prioridade para a institución coidar do estudantado e que do contexto económico actual pódese deducir que esta situación se manterá no tempo.

Antes de revisar a execución das liñas previstas nos orzamentos para o ano 2023, cómpre analizar o estado da débeda financeira da Universidade como evidencia da súa viabilidade económica no medio prazo. A contención no gasto, o rigor e a planificación permitiron afrontar o pagamento da débeda ao igual que en exercicios anteriores quedando o cadro de amortización para os vindeiros exercicios como segue :

Exercicio	Débeda pendente	Débeda bancaria	Anticipos autonómicos	Anticipos estatais	Anticipos totais	Total para amortizar no exercicio
2024	11.862.315,80	1.886.431,50	468.750,00	45.292,02	514.042,02	2.400.473,52
2025	9.461.842,28	1.901.875,29	468.750,00	-	468.750,00	2.370.625,29
2026	7.091.216,99	1.917.634,82	468.750,00	-	468.750,00	2.386.384,82
2027	4.704.832,17	1.933.716,56	468.750,00	-	468.750,00	2.402.466,56
2028	2.302.365,61	1.833.615,61	468.750,00	-	468.750,00	2.302.365,61

O resultado orzamentario do ano 2022 foi positivo, 11,4 millóns, e o resultado non financeiro foi de 3,5 millóns. Porén hai que sinalar que no conxunto de créditos afectados por ingresos finalistas, o gasto foi moi inferior ao ingreso (10,5 millóns de diferenza) pola recepción de fondos nun exercicio que deben executarse en exercicios posteriores. No conxunto de ingresos non finalistas os dereitos recoñecidos foron similares ás obrigas contraídas o que evidencia esa certa estabilidade na xestión económica estrutural da institución.

Sen prexuízo da información máis detallada que se renderá no informe de xestión do reitor sobre o ano 2023, a continuación revísanse os principais gastos proxectados nos orzamentos deste ano, poñéndoo en relación coa liña estratéxica ou instrumental na que se encadraban.

Liñas estratéxicas

1. As persoas

Nesta liña, entre as principais actuacións, prevíanse as seguintes:

A atención ás situacións vulnerables, cunha dotación de 355.000 €, permitiu manter a Unidade de Atención Psicolóxica, incrementar as axudas á manutención con máis de 53.000 menús repartidos para o seu consumo nas cafetarías e comedores universitarios da USC e a apertura dun fondo dotado con 10.000 euros para atender situacións especiais.

Dentro do **Plan de Proxección Social** contiñanse actuacións destinadas ao estudiantado na aposta por achegar a programación cultural e deportiva ao estudiantado, á comunidade universitaria e tamén á cidadanía. Estes proxectos foron executados practicamente na súa totalidade:

Para favorecer a autonomía na **creación e difusión artística** por e para a comunidade universitaria, ademais das tradicionais axudas á creación e proxectos de agrupacións de teatro e danza e a asociacións, lanzáronse como novidades un concurso de grupos musicais, que actuarán durante a Primavera Cultural do 2024 e a convocatoria de financiamento para proxectos culturais e físico-deportivos para centros docentes e residenciais. A través desta convocatoria dotada con 50.000 euros, financiáronse 22 proxectos con 47.708 euros, dos cales 13 foron presentados a través dos decanatos de facultades e escolas, 4 a través das direccións de residencias ou colexios maiores e 3 a través do Consello do Estudiantado.

Co fin de impulsar os **espazos de produción artística** da universidade como piares da nosa oferta cultural, púxose o foco en promocionar as redes sociais da Área de Cultura e en sacar por primeira vez unha programación conxunta nos campus de Santiago e Lugo. Baixo os títulos de Primavera Cultural e Outono Cultural, visibilizouse a oferta cultural que ten a universidade en ambas cidades e por semestre, co obxectivo de incidir na súa difusión entre o estudiantado e dar unha solución á dispersión da información relativa ás actividades culturais.

As programacións recolleron, entre outras, iniciativas desenvolvidas polas aulas de produción propia pero tamén exposicións, concertos de artistas actuais e as Faíscas Culturais, en colaboración cos centros docentes da universidade e entidades culturais galegas de renome.

Ademais do anterior, incluíronse as novas propostas de formación audiovisual, como son a videocreación e os podcast e retomouse tanto o curso formativo do Observatorio Ramón María Aller, que se financiou a través da convocatoria de axudas a centros, como o apoio á iniciativa Nerd Nites, na que se programaron catro encontros.

Para converter a universidade en referencia na **difusión artística** realizada por artistas novas, como novidade no 2023 apostouse por producir unha exposición de arte contemporánea onde os autores reflexionan sobre a crise climática a través da súa obra. Así mesmo, apoiouse unha residencia artística e producíronse 5 concertos de artistas galegas actuais dirixidos ao estudantado nos que se completou o aforo en todos os casos.

Co obxecto de impulsar o potencial pedagóxico de iniciativas artísticas e de divulgación das institucións e entidades que conforman a industria cultural creouse o programa **Faíscas Culturais** en colaboración coas e cos docentes e facultades da USC, en 2023 realizáronse tres liñas de Faíscas con máis de 18 intervencións en centros docentes dos campus de Santiago e Lugo.

Co fin de achegar ao estudantado os servizos da USC que contribúen á súa formación integral artística, deportiva, laboral e social celebrouse a segunda edición das **Xornadas de Benvida**, no marco das cales se ofreceron 28 actividades culturais, divulgativas e deportivas en Santiago e 33 en Lugo, para as cales se realizaron máis de 1.600 inscricións e que contaron cunha participación que superou as 2.500 persoas.

Ademais do anterior, no último ano o Servizo de Voluntariado e Inclusión Social contou con máis de 800 estudantes participantes en **programas de voluntariado** permanente e máis de 1600 en programas puntuais, sendo a primeira universidade española en voluntariado segundo o informe anual de Mutua Madrileña. Por outra banda, a Área de Orientación Laboral e Emprego realizou a VIII **Convocatoria de Mentoring** na que participaron 78 estudantes e 94 mentores, profesionais experimentados no seu campo de actividade; e a Feira virtual de emprego, na que se participaron máis de 950 estudantes e 34 empresas.

No relativo á participación do estudiantado, promoveuse a **actividade do Consello do Estudiantado** coa financiación da súa actividade ordinaria, a prevista para as eleccións de representantes nas xuntas de centro e completando o anterior coa asignación de espazos propios no Chalet número 5 situado no Campus Sur e habilitouse un local para o estudiantado no edificio Intercentros no Campus de Lugo.

A **práctica físico-deportiva** incluída no Plan de Proxección Social cobra un papel relevante tanto pola accesibilidade da oferta de servizos a toda a comunidade universitaria como para a cidadanía en xeral. A aposta da USC por establecer medidas que faciliten a carreira dual dos deportistas de alto nivel así como a colaboración efectiva co tecido deportivo impulsará á universidade como panca tratora para a promoción da vida activa na sociedade e particularmente entre a xuventude.

En 2023 constatouse a recuperación de usuarios e actividades tras dous anos de pandemia. Tras a conxelación das tarifas no curso 2022-2023 o incremento dos prezos da enerxía fixo necesaria a súa revisión, aumentando un 10% aquelas que implicar gasto de enerxía. A subida repercutiuse nas categorías B e C, evitando así o impacto na categoría A que corresponde á comunidade universitaria.

No ámbito da **igualdade**, a USC mantivo en 2023 a celebración de actos conmemorativos e a oferta de formación en igualdade e perspectiva de xénero, tanto propia como en colaboración co Centro de Formación de Persoal. Así mesmo, participou nas xornadas da Rede de Unidade de Igualdade das universidades e na Rede de Unidades de Diversidade, cuxa relevancia se acentúa coa aprobación da Lei orgánica do Sistema Universitario e que serven para contribuír a fortalecer lazos e deseñar políticas nun momento de necesaria transformación da estrutura e regulación vixentes nas universidades.

Canto ao persoal o balance é o seguinte:

Centro de Formación de Persoal: O 8 de marzo de 2023 presentouse e acordouse a Estratexia de formación da USC 2023-2026, destinada a todo o

persoal da USC. Dentro das accións previstas, elaboráronse dous programas formativos para o 1º e 2º semestre de 2023, con 70 accións realizadas para o persoal técnico, de xestión, administración e servizos e 51 para o persoal docente e investigador. En canto a este último colectivo destaca tamén o programa de acollida para 62 novos axudantes incorporados en setembro e que se desenvolve desde outubro de 2023 ata xuño de 2024. Ademais, realizáronse 22 actividades formativas específicas sobre innovación docente e 29 accións formativas relacionadas coa transformación dixital da docencia.

Ademais doutras accións transversais en materia de prevención de riscos cómpre destacar a posta en marcha dun curso introdutorio sobre a función directiva para cargos académicos que deu comezo en novembro de 2023.

Así mesmo, realizouse o estudo de redución de tarifas para o estudiantado e o persoal investigador en formación que acompañará aos orzamentos de 2024 e que será de aplicación no seguinte exercicio.

Plan para o PDI: os Orzamentos de 2023 incluían unha dotación de 950.000 € para acometer as liñas estratéxicas definidas no propio texto e que logo foron incluídas na Planificación de PDI 2023 aprobada polo Consello de Goberno. Así, creáronse 49 prazas de profesorado axudante doutor co fin de garantir a capacidade das áreas para atender o seu encargo e, ao tempo, para incorporar profesorado en áreas particularmente avellentadas; abordouse a estabilización en prazas de profesorado titular de todo o profesorado axudante doutor que, con independencia da data de finalización do seu contrato, estaba acreditado para este corpo docente; dotáronse prazas de profesorado contratado doutor para posibilitar a estabilización do profesorado axudante doutor que finalizaba o seu contrato antes de decembro de 2024, e creáronse prazas de profesorado titular ou contratado doutor para a estabilización do persoal investigador Ramón y Cajal que finalizaba o seu contrato ao longo de 2024.

Por outra banda, abordouse tamén a consolidación do profesorado interino que ocupaba prazas estruturais, para o que se crearon 12 prazas de profesorado laboral fixo asimilado a colaborador. Finalmente, polo que se refire ás políticas de promoción de profesorado, e unha vez eliminadas as bolsas de profesorado

acreditado para corpos docentes, ofreceuse a posibilidade de optar á promoción a profesorado titular e catedrático/a ao profesorado contratado doutor e titular acreditado, respectivamente. Todas as actuacións mencionadas foron executadas na súa integridade ao longo do exercicio de 2023.

Plan para o PAS, dotado con 950.000 €. O 27 de decembro de 2022 asinouse coa representación do persoal o Acordo para o desenvolvemento do sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa do persoal funcionario e para o establecemento do complemento de desempeño do persoal laboral no ámbito do persoal de administración e servizos da Universidade de Santiago de Compostela.

Por outra banda, renováronse en xullo os acordos de xubilación parcial anticipada e xubilación anticipada e forzosa que contemplan incentivos á xubilación aplicables ao persoal laboral e ao persoal funcionario.

Estas dúas actuacións ascenderon a 1.024.194 €, superando o crédito previsto.

No relativo ás reorganizacións da estrutura administrativa, non se completaron as reformas da Área Académica e da Área Económica durante o 2023 se ben esta última, cun traballo exhaustivo de análise e redefinición, está previsto comezar a negociación antes de finalizar o exercicio e completar a súa implantación no primeiro trimestre de 2024.

A execución das convocatorias pendentes, especialmente aquelas derivadas dos procesos de estabilización, transcorreu a bo ritmo polo que durante o 2024 agárdase que todas estean finalizadas. Así mesmo, presentouse o Plan do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PETXAS) que neste momento se atopa en proceso de negociación.

Actuacións en materia de persoal investigador e de apoio á I+D, dotadas con 700.000 €. Continuouse coa normalización da situación deste persoal, executando as previsións derivadas da Lei 20/2021, do 29 de decembro, cuxo proceso selectivo xa finalizou e que asinarán o seu contrato a principios de 2024.

Por outra banda, a creación de programas de xestión da investigación consolidouse en 2023 con 20 novos programas e 15 modificacións que achegan recursos para a contratación indefinida por actividades científico-técnicas. Isto permitiu a contratación de máis de 100 persoas.

Pola súa banda, o Centro de Formación de Persoal incluíu formación específica para este colectivo. En concreto, realizáronse 15 accións formativas en prevención de riscos e renovación das acreditacións para o traballo con animais de experimentación. Tamén se ofertou formación específica en xestión económica e de persoal que incluíu, por primeira vez, ao persoal técnico do contratado nas estruturas de investigación.

Por outra banda, continuouse co apoio para a asistencia a congresos e reunións científicas que concedeu 32 axudas por importe de 10.100 euros.

Nesta actuación tamén se incluíu o incremento das retribucións dos contratos predoutorais de convocatorias anteriores á entrada en vigor do Estatuto do persoal investigador predoutoral en formación e que non é asumido polo Ministerio.

Cómpre destacar tamén que o persoal investigador e de apoio á investigación incorporouse tamén na convocatoria de prestación de servizos na modalidade de teletraballo, supoñendo a metade das solicitudes presentadas nas dúas convocatorias nas que tivo acceso.

Por último, no relativo ao equipamento informático para o persoal empregado investigador contratado con cargo a actividades de investigación modificouse o Regulamento de xestión e uso dos espazos da Universidade de Santiago de Compostela para definir a responsabilidade na asignación destes recursos, sen prexuízo da estrutura que teña que facerse cargo da súa adquisición ou posta a disposición.

2. A docencia

Dentro desta liña leváronse a cabo todas as actuacións previstas. As accións realizadas durante a anualidade 2023 poden resumirse do seguinte xeito, tomando como punto de partida os seus tres obxectivos principais:

(a) **Accións de captación de estudiantado.** Durante o exercicio 2023, a USC continuou empregando a ferramenta Keystone para o posicionamento das titulacións de mestrado e doutoramento, cuns excelentes resultados cara a atracción de estudiantado internacional, en especial aquel procedente de América Latina e Brasil. Asistiuse, así mesmo, a feiras presenciais (por exemplo, Qualifica) e virtuais con diversos países (por exemplo, Perú e Brasil) e organizáronse campañas de márketing dixital (por exemplo, dous webinarios celebrados no mes de xaneiro dirixidos á promoción dos nosos mestrados oficiais en América Latina e Brasil cara a convocatoria anticipada de matrícula). Estas actuacións complementáronse coa creación de diversos materiais promocionais, entre outros vídeos, pímulas para as redes sociais ou presentacións da universidade e da súa oferta académica en distintas linguas.

(b) **Accións de mellora progresiva da oferta académica da institución.** Neste apartado destacan as seguintes dúas actuacións:

i. Desenvolvemento da Convocatoria para o financiamento de accións de mellora de másteres oficiais da USC 2023. A convocatoria financiou, cunha cantidade superior aos 100.000 €, un total de 149 accións para 58 titulacións de máster oficial, distribuídas en 10 categorías: difusión do máster e captación de estudantes; xornadas formativas; visitas a empresas e institucións; prácticas relacionadas cos contidos curriculares do máster en espazos situados fóra do centro docente; mellora das competencias transversais do estudiantado; formación do profesorado en acción tutorial; equipamento e licencias de software; asistencia de estudantes a congresos; xornadas de empregabilidade; seguimento de egresados/as e avaliación da inserción laboral.

ii. Programa de actividades formativas dos estudos de doutoramento. As accións de dinamización desenvolvidas neste apartado corresponden a actividades organizadas pola EDIUS relacionadas co fortalecemento das competencias e habilidades transversais, en ámbitos como a comprensión das metodoloxías e

técnicas de investigación e análise de datos, os procesos de documentación científica, as técnicas e métodos de comunicación científica e redacción de traballos de investigación, a formación sobre patentabilidade, a propiedade intelectual e a transferencia de coñecemento, entre outros.

(c) Accións dirixidas ao **desenvolvemento dun sistema de avaliación integral da docencia e ao estímulo para a actualización docente**. Nestes ámbitos, realizouse unha revisión dos procedementos e contidos das enquisas e dos indicadores e informes empregados na actualidade. O documento resultante desta primeira fase do proceso foi aprobado no mes de xullo pola Comisión de Calidade e Planificación, delegada do Consello de Goberno, como paso previo necesario para proceder a súa revisión e potencial mellora na seguinte fase. Respecto do estímulo para a actualización docente, púxose en marcha o I Programa de Formación de Acolida e Formación Docente Inicial 2023-2024, dirixido ao profesorado axudante doutor incorporado á USC. Así mesmo, no marco do itinerario de mellora e innovación docente da Estratexia de Formación da USC 2023-2026, organizáronse 11 cursos formativos sobre aspectos como a elaboración de unidades didácticas en galego, a creación de e-actividades, o emprego de rúbricas como instrumento de avaliación formativa, o desenvolvemento de metodoloxías de aulas invertidas (*flipped classroom*), o uso de metodoloxías de ensinanza baseada en casos, o emprego da metodoloxía de Enfoque de Marco Lóxico (EML) ou a planificación da formación virtual, entre outros.

No **ámbito da internacionalización**, durante o ano 2023 mantívose o pulo ás medidas para o posicionamento, atracción e proxección internacional da Universidade.

Ademais das accións de captación de estudantado sinaladas anteriormente, destacan as medidas relativas á posta en marcha dun programa de axudas á mobilidade de estudantado propio no marco de convenios bilaterais. Dotáronse un total de 40 bolsas para destinos non financiados a través do programa Erasmus+, o que permitiu un incremento notable das mobilidades efectivas neste programa.

Por outra banda, en 2023 tamén se levaron a cabo distintas accións destinadas ao melloramento da proxección internacional da USC, nomeadamente a través da participación na máis importante feira de networking a nivel europeo (European Association for International Education, EAIE), celebrada en Róterdam o pasado mes de setembro, e de distintas actividades relacionadas coa iniciativa European Universities da Comisión Europea, como resultado da incorporación da USC á alianza EUniWell (a Universidade Europea para o Benestar).

Por último, no relativo á **cooperación internacional**, continuouse co Programa de Axudas a Persoas Refuxiadas ou con Estatuto de Protección Temporal, que concedeu un total de 10 axudas para estudantes de grao, mestrado e doutoramento procedentes de Ucraína e doutras zonas en conflito. Mantívose, así mesmo, a colaboración coa Fundación Mujeres por África e coa Fundación Carolina; neste último caso, incrementouse o número de axudas para estudantes de doutoramento.

3. A investigación

Ademais das actuacións contempladas no apartado de Persoal, as principais actuacións nesta liña foron as seguintes:

Consolidación de estruturas de investigación: avanzouse na modificación de institutos, en concreto, Acuicultura, Idega e Ibader así como na creación de dous institutos novos nas áreas de Ciencias Sociais e Xurídicas e Arte e Humanidades e a creación do Instituto de Ciencias do Comportamento.

Así mesmo, no Campus de Lugo, iniciáronse os traballos para a elaboración da proposta de creación dun novo instituto, a través do campus de especialización Campus Terra.

Programa de xestión de ingresos por custos indirectos, aumentouse a dotación a 1,1 millóns segundo o establecido no Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026, asumindo os centros implicados unha parte dos seus custos xerais de mantemento de subministracións. O grao de execución está neste momento preto do 100%.

Continuaron as **accións de captación de persoal** a través de convocatorias competitivas estatais, como as axudas Beatriz Galindo e as axudas Ramón y Cajal pero tamén se deu apoio para o proceso de solicitude de bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC) e para as accións Marie Sklodowska-Curie da Unión Europea mediante dúas convocatorias específicas.

Así mesmo, convocáronse 7 novos contratos predoutorais financiados co convenio co Banco Santander e no marco do Campus Terra convocáronse 6 contratos predoutorais, un por cada unha das liñas de investigación que o conforman, e outros 2 financiados en colaboración coa Fundación

Estas accións completáronse con 26 contratos de iniciación á investigación financiados co convenio co Banco Santander e 27 bolsas de iniciación á investigación no marco do Campus Terra en Lugo. Así mesmo, consolidáronse as axudas para asistencia a congresos e eventos científicos, co obxecto de facilitar o acceso a elas do persoal investigador con menos recursos dispoñibles para realizar este tipo de desprazamentos tanto en Santiago como en Lugo.

O orzamento total executado nas actuacións descritas foi de 1.530.000 €.

No relativo á **transferencia do coñecemento e emprendemento**, destaca a posta en marcha do proceso de revisión do investimento en *spin off* coa finalidade de dispor de ferramentas adecuadas para a aprobación da creación de novas empresas. Tamén se re-diseñou e desenvolveu un sistema de seguimento das empresas participadas que xa está operativo e permite monitorizar a situación de cada empresa establecendo a estratexia máis axeitada. Seguen en proceso os mecanismos de apoio a empresas participadas e a revisión do regulamento, que previsiblemente se abordarán en 2024.

No relativo a **emprendemento** puxéronse en marcha diversas accións como foron os programas Explorer e Argos, e un novo programa de identificación de coñecemento a partir dos TFG, TFM e Teses de doutoramento (Programa Ícarus), con que se presentaron un total de 90 candidaturas. Destacan tamén actividades como o campus de Emprendemento, o conxunto de accións levadas a cabo no marco de Innovatia 8.3, e a colaboración no fomento do

Emprendemento feminino con outras institucións como a Xunta de Galicia e os Concellos de Lugo e Santiago. A estas hai que engadirlle a organización en colaboración con outros grupos da USC do Hackaton e a participación no Encontro Internacional de Jóvenes Emprendedores (EIJE).

Na área de **valorización e protección de resultados** procedeuse á revisión dos procedementos e procesos de cara a súa optimización, desenvolvendo un cadro de indicadores que permitan atender ás diferentes solicitudes de información por institucións como a rede OTRI, o Ministerio, a Xunta entre outras. Coa finalidade de incrementar os indicadores de patentes procedeuse a establecer un protocolo para que as patentes internacionais se rexistren en España. Outro fito importante tivo que ver coa posta en marcha da área de Servizos a empresas dentro do edificio Emprendia, de modo que xa está operativa a sala de cultivos e o resto de instalacións.

Polo que respecta ás infraestruturas, no ano 2023 rematouse a obra de ampliación do Laboratorio de Radiofísica, que está completando a posta en marcha destas instalacións. Así mesmo, continuouse coa execución das obras de reforma e ampliación do Instituto Galego de Física de Altas Enerxías, comezadas no último trimestre do 2022 e que rematarán no último trimestre de 2024.

Polo que respecta ás previsións sobre igualdade contidas no orzamento de 2023, co financiamento da Deputación da Coruña reforzouse a estrutura da investigación en xénero da USC. Neste momento estase realizando unha primeira diagnose sobre a situación das investigadoras na USC que se realiza en colaboración co Delegado de Protección de Datos e a cooperativa Cidadanía.

Liñas instrumentais

4. Os medios necesarios

Nesta liña, proxectáronse as seguintes actuacións:

Proxecto de Cidade da Saúde, Continuouse coa execución do programa Cidade da Saúde segundo o plan previsto. A mediados de 2023 completouse o

proxecto básico do novo edificio de Ciencias da Saúde, futura sede das Facultades de Enfermaría e Farmacia, e remitiuse a documentación necesaria ao concello de Santiago para a solicitude de licenza. Durante o último semestre de 2023 estase a rematar a redacción do proxecto de execución de modo que sexa posible licitar a obra da primeira fase, correspondente ao aulario, edificio de laboratorios da Facultade de Farmacia, biblioteca e sala de lectura, zona administrativa e instalacións durante o primeiro trimestre de 2024.

No que respecta á Facultade de Medicina e Odontoloxía, completouse a reforma do primeiro andar de prácticas clínicas do edificio de Odontoloxía e estase a rematar a redacción do proxecto de execución da reforma do edificio de San Francisco de forma que se poda licitar a execución da primeira fase no primeiro trimestre de 2024.

Rehabilitación de edificios do Plan de Infraestruturas, licitouse a primeira fase da reforma integral da Facultade de Química, que afecta á cuberta, instalacións xerais e traslado dos laboratorios de docencia ao semisoto do inmovible.

No que respecta á redacción de proxectos, comezouse a preparar o concurso de ideas para a ampliación do inmovible de Ciencias da Educación con vistas a acoller os usos localizados actualmente no edificio da Avenida Xoán XXIII e licitouse e comezáronse os traballos para a redacción do proxecto de execución da reforma integral da Facultade de Xeografía e Historia.

Para a reforma interior do Colexio Maior Sanclemente rematouse a redacción do proxecto de execución e obtívose a licenza municipal de forma que se pode comezar a reforma en canto se dispoña dos fondos necesarios.

Espazos USC, durante o 2023 proseguiuse co programa de mantemento dos campus universitarios, con actuacións de reparación e mellora de vías e beirarrúas, limpeza de redes de pluviais, desbroces, coidado de zonas verdes e todas aquelas actuacións menores necesarias para manter en bo estado o contorno dos campus mentres se continuou co diálogo coas outras institucións

implicadas na súa conservación para garantir a súa implicación no futuro inmediato.

Na liña da proxección social da institución, rematáronse os traballos de acondicionamento de camiños na Valgada de Lugo para mellorar a súa integración na contorna e o seu uso por parte da comunidade universitaria e a veciñanza.

En Lugo consolidouse a posta en marcha da Unitenda no vestíbulo de acceso do Pazo de Montenegro, integrada no espazo de visita da Domus Mitreo e moi preto dunha das zonas máis visitadas da cidade por parte de peregrinos e turistas. Esta nova localización da Unitenda equipouse con elementos de novo deseño que se integran co espazo e mobiliario existente, renovando a súa imaxe. Nesta mesma liña, no campus de Santiago de Compostela, deseñouse a intervención na capela de Fonseca para dedicala aos mesmos usos da Unitenda, actuación que se completará entre finais do 2023 e comezos do 2024 para permitir o inicio da actividade no primeiro trimestre de 2024.

Cómpre destacar que a xestión da tenda e da Domus encargouse á Fundación USC a principios de 2023. A reorganización que se fixo xa deu os seus primeiros froitos, destacando o aumento de visitas na Domus Mitreo en comparación con 2022, contribuíndo á consolidación da marca USC.

En relación coa imaxe de marca, comezou a empregarse o novo deseño de sinalética institucional, tanto interior como exterior, nas reformas de espazos que se foron executando ao longo do ano: unidade administrativa e área de goberno do Campus de Lugo, aulario de Intelixencia Artificial e novas unidades de xestión entre outras. A actualización da sinalética avanzou ata o punto de completar o inventario e o proxecto de substitución de toda a sinalética exterior, tanto para Santiago como para Lugo, de forma que se pode proceder á súa licitación a comezos de 2024. Tamén se completou o manual de sinalética interior e executáronse aplicacións, tanto dos sinais interiores como exteriores, nas actuacións de obra de maior envergadura.

Tamén se comezou coa posta en valor do patrimonio a través de medios audiovisuais, empregándoos en campañas de difusión masiva, como o vídeo empregado para a campaña de matrícula do curso 2023-2024. Así, no ámbito da comunicación e imaxe avanzouse na reformulación dalgunhas das ferramentas de comunicación externa e interna institucionais, como o sitio web ou as intranet institucionais, melloráronse as funcionalidades e o funcionamento doutras ferramentas, como a aplicación móbil institucional, e púxose en marcha unha nova canle como é a cartellaría dixital. Esta última é un proxecto que consiste na creación dun novo concepto de información institucional cun sistema de creación de contido centralizado, así como cunha imaxe e estética común, apoiado nas tradicionais pantallas existentes en recibidores, corredores e outros lugares de facultades e centros.

Por outra banda, realizáronse dúas grandes campañas de publicidade en medios tradicionais e dixitais e participouse en 27 feiras de información e orientación universitaria tanto presenciais como virtuais.

No ámbito das instalacións deportivas completouse a renovación das pistas de tenis situadas no contorno da Avenida de Antonio Raimundo Ibáñez, así como as pistas de patinaxe, baloncesto e fútbol localizadas no mesmo espazo. Tamén se interviu nas instalacións da sala de acondicionamento físico do estadio de atletismo. Así mesmo, a Área de Arquitectura e Urbanismo está a realizar os estudos previos necesarios para a renovación da cuberta e grada do estadio.

No que respecta á colaboración institucional e posta en valor dos campus, púxose en marcha a Comisión do patrimonio dos campus que abordou un diagnóstico inicial sobre o estado xeral e un proceso de identificación de iniciativas de cara a dinamizar estes espazos para poñer en valor a súa riqueza patrimonial, entendida en todas as súas dimensións: natural, material e inmaterial. Como resultado destes traballos propóñense actuacións concretas no apartado dos medios necesarios para o exercicio 2024.

En 2022 comezouse coa reforma interior do auditorio universitario, onde se fixeron traballos previos de preparación do espazo e retirada de instalacións. En 2023 completouse o proxecto de execución e estase en disposición de licitar o

contrato de obras en canto se dispoña do financiamento necesario. Na mesma liña de acondicionamento de espazos polivalente, rematouse a redacción do proxecto de reforma da cafetería da Facultade de Xeografía e Historia, pendente de que o concello emita o informe urbanístico.

No que se refire aos espazos de uso administrativo e institucional, completáronse as actuacións na unidade administrativa do campus de Lugo, que consolida unha gran parte da actividade na planta baixa do edificio Intercentros, rematáronse as actuacións nas unidades de xestión das facultades de Filoloxía, Xeografía e Historia e Ciencias da Educación e rematouse a redacción do proxecto de execución para a unidade de xestión da Facultade de Matemáticas.

Mobilidade sustentable, no campus de Santiago rematouse a definición de percorridos de uso preferente para bicicletas e vehículos de mobilidade alternativa e instaláronse catro paradas para bicicletas convencionais e eléctricas, xunto cun sistema de préstamo. A posta en marcha efectiva paralizouse á espera da posible colaboración co concello, que aínda non se materializou. O sistema porase en marcha nas vindeiras semanas comezando cun grupo de persoas representativo de todos os sectores da comunidade para realizar un seguimento do despregamento durante uns meses e validar o deseño dos percorridos e paradas.

No que se refire á actualización do parque móbil da USC con novos vehículos 100% eléctricos, adxudicouse o concurso de renovación das unidades previstas e agárdase que a adxudicataria subministre os novos vehículos antes de que remate o 2024.

Colaboración cos centros, a comezos do 2023 anegáronse varias dependencias da Facultade de Bioloxía, circunstancia que fixo necesaria unha intervención de urxencia para impermeabilizar unha parte moi importante das cubertas do edificio e recuperar os espazos e equipamentos gravemente danados pola acción da auga. Esta actuación obrigou a gastos imprevistos por valor de máis de 500.000 euros.

Segundo o previsto no orzamento de 2023, licitouse e estase a executar a adaptación de espazos da Facultade de Farmacia para os departamentos de Farmacoloxía e Fisioloxía Vexetal, estase a redactar o proxecto para a adaptación de espazos de investigación en Psicoloxía e acondicionáronse novos espazos de convivencia e investigación na Facultade de Filoloxía. Tamén se renovaron cubertas na Escola Técnica Superior de Enxeñaría e na Facultade de Psicoloxía.

Así mesmo, ampliouse a zona de aulas do edificio de Intelixencia Artificial incorporando as dependencias do primeiro andar da zona seca e mais habilitáronse espazos para o departamento de Electrónica e Computación no segundo andar da mesma zona. Tamén se está a preparar o proxecto para ampliar a zona de aulas e laboratorios da Facultade de Física, que se comezará a executar en 2024.

Na liña de procurar colaboracións cos centros en actuacións que se aliñan coa estratexia de aforro e eficiencia enerxética da USC, realizáronse varias intervencións para mellorar envolventes e carpinterías, entre as que destacan as do edificio da Facultade de Ciencias da Educación do campus norte.

Aforro e eficiencia enerxética, implantación do plan de estratexia enerxética, No ámbito da xestión das subministracións enerxéticas e operación das instalacións, seguíronse as directrices do Plan de Estratexia Enerxética 2022–2026 para promover o aforro, a eficiencia enerxética e contribuír aos compromisos ambientais cos que a USC está comprometida. Isto supuxo unha redución do 7,91% do consumo eléctrico e dun 24,30% do consumo de gas con respecto ao ano 2019. De non terse producido este aforro, a USC tería que ter abonado arredor de 2 millóns de euros máis que o gasto efectivamente realizado.

Na xestión das subministracións e das instalacións, aplicáronse as medidas técnicas e organizativas previstas no Plan que deron como froito os aforros sinalados en parágrafos anteriores no que se refire a enerxía consumida e axudaron a paliar a suba das subministracións. No último trimestre de 2023 licitarase o novo contrato de xestión enerxética e mantemento das instalacións,

que está deseñado para garantir o bo funcionamento das instalacións e á optimización dos consumos.

Ao longo do ano 2023 licitáronse nove novas instalacións fotovoltaicas, que se están executar neste trimestre e no primeiro do 2024. Estas instalacións contan con axudas do Instituto de Enerxía de Galicia . Así mesmo, estase a preparar a licitación dunha central de biomasa e rede de distribución de calor para o campus de Lugo que permitirá eliminar o uso de caldeiras de gasóleo no campus, mellorar a eficiencia na produción de calor e empregar case exclusivamente enerxías renovables para a calefacción dos edificios do campus. Esta iniciativa, que debe comezar a funcionar en outubro de 2025, está apoiada por unha axuda do Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía (IDAE) por valor de 2,4 millóns de euros.

Co obxectivo de reducir o consumo eléctrico, licitouse a substitución de luminarias por dispositivos LED para completar a transición a esta tecnoloxía en bibliotecas (Concepción Arenal, Intercentros, Xeral), centros (facultades de Ciencias da Educación, Psicoloxía Veterinaria), instalacións deportivas (estadio de atletismo, pavillón polideportivo, piscina universitaria e pistas ao aire libre) e residencias (RU Bal y Gay, RU Burgo das Nacións, CM Fonseca e CM Rodríguez Cadarso). En 2023 licitáronse contratos por máis de 600.000 euros e preparáronse os proxectos e pregos para licitar actualizacións nos seguintes exercicios por un importe equivalente. Na mesma liña de actualización e aforro, publicárase no último trimestre de 2023 a licitación de renovación da iluminación do plató de prácticas de Ciencias da Comunicación.

No que se refire á mellora dos sistemas de climatización, completouse a redución do volume e a substitución dos sistema de climatización das aulas de Veterinaria. Licitárase neste último trimestre unha actuación similar para dous pavillóns de aulas da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría de Lugo e a mellora das condicións térmicas e instalacións das aulas de informática da Facultade de Matemáticas.

Co fin de optar a novas convocatorias de implantación de enerxías renovables, no 2023 redactáronse proxectos e presentáronse solicitudes para cinco novas

instalacións fotovoltaicas e unha instalación de biomasa e presentaranse antes de que remate o ano dúas novas solicitudes para instalacións combinadas de aerotermia e xeotermia e unha nova instalación de biomasa.

Co fin de dispor de datos sobre a enerxía consumida polos centros e unidades da USC, púxose en marcha un proxecto piloto de medición dos consumos de electricidade, gas e gasóleo e unha nova plataforma para recoller os datos dos sensores. Este proxecto piloto avalíase positivamente e no 2024 e 2025 estenderase a todos os centros de forma que se podan dispor de datos en tempo real dos consumos en electricidade, calor e auga e avaliar o impacto das medidas de aforro e eficiencia.

A mediados de 2023 asinouse un convenio co Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG), fundación da que a USC é patroa, para estender a colaboración que xa viña mantendo coa USC na realización de estudos, deseño e implantación de medidas innovadoras no ámbito da xestión enerxética. Coa colaboración do ITG a USC está identificando oportunidades no que se refire á xestión e mellora das instalacións que dan os seus froitos tanto nos resultados de aforros como nos recursos logrados nas convocatorias de axudas para a introdución de novas instalacións máis eficientes desde o punto de vista económico e ambiental.

Finalmente, no que se refire ás medidas de eficiencia pasiva dos edificios, ao longo de 2023 intensificáronse os contactos cos organismos financiadores para lograr fondos cos que renovar as envolventes da Residencia Universitaria Monte da Condesa, das facultades de Ciencias Políticas e Sociais, Física e Relacións Laborais e mais do Pavillón Estudantil. Con fondos propios acometeuse a reposición de cubertas do edificio Intercentros, Escola Técnica Superior de Enxeñaría, Psicoloxía e Vivendas dos Funcionarios e renovación parcial de envolventes na facultade de Bioloxía, no edificio de Ciencias da Educación da avenida Xoán XXIII e na facultade de Psicoloxía.

5. A transformación dixital

No ámbito da transformación dixital, púxose en marcha o proxecto de impulso do uso dos servizos na nube co obxectivo de permitir un uso máis eficiente e flexible

destes medios dos que xa dispoñemos como para permitir casos de uso de teletraballo, traballo non presencial en momentos nos que non se pode ou non é conveniente acceder ás instalacións ou para un uso máis eficiente dos recursos.

Neste ámbito desenvolvéronse varios proxectos: o proxecto piloto de transición aos servizos na nube na Área de Infraestruturas, na Unidade de Convenios da Secretaría Xeral e na Unidade de Xestión do Centro e Departamentos da Facultade de Matemáticas, a definición dunha política de uso, formación e difusión para a plataforma Microsoft 365 e o acceso aos servizos de datos mediante redes privadas virtuais sen necesidade de conectarse ao ordenador do posto de traballo. Os proxectos remataron con éxito e permitirán estender estas medidas ao resto de centros e unidades da USC.

En paralelo a estes esforzos, a implantación do novo modelo de web da USC está a estender o uso dunha intranet construída sobre un servizo na nube (Sharepoint) a todos os centros e unidades administrativas da institución, tanto para a comunicación coa comunidade universitaria como para o traballo en grupo. Ademais dos traballos de implantación da intranet, este ano completárase a implantación de todas as áreas de servizo na web pública da USC e completárase o cambio da web a un modelo funcional, ademais da substitución da plataforma tecnolóxica na que se sustenta.

Así mesmo, a USC asinou un convenio coas universidades da Coruña e Vigo para o desenvolvemento do proxecto xOC cuxo obxectivo é dotar as tres universidades das ferramentas e recursos necesarios para contar con contidos dixitais de calidade e en aberto para a docencia e a divulgación. En materia de ciberseguridade completouse o proxecto de implantación dun *hub* en colaboración coas universidades da Coruña e Vigo. Ambos os dous proxectos están financiados con recursos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, en concreto a axuda denominada Unidigital.

Canto á seguridade da información, acadouse a certificación de adecuación ao Esquema Nacional de Seguridade (ENS) para os diversos sistemas presentados, sendo unha das universidades españolas que ten máis sistemas certificados.

No que se refire á mellora e optimización de procesos administrativos, completouse a fase de análise técnica e funcional de implantación da ferramenta SIGMA que deu como resultado a decisión de non proceder á súa posta en marcha, proxectando para 2024 a mellora das funcionalidades actuais destinadas ás xestións que realiza o estudantado. No ámbito da xestión documental púxose en marcha o proxecto para a definición das políticas de xestión documental que permitirán a implantación dun arquivo dixital único. O Arquivo Histórico, na súa vertente administrativa, realizou a valoración das series documentais tanto da área de xestión económica como de recursos humanos e asumiu o almacenamento físico da documentación.

No que respecta aos medios dedicados a apoiar a xestión de recursos humanos, avanzouse na implantación dos módulos de formación e persoal investigador da aplicación UXXI-RRHH, melloráronse as aplicacións de selección do persoal docente e a aplicación de rexistro horario, comezaron os traballos para a implantación da ferramenta de xestión económica XUMCO, da Xunta de Galicia, e realizáronse melloras puntuais nas ferramentas de xestión da investigación.

Canto á USC Virtual e ás de accións de mellora das capacidades tecnolóxicas docentes, aproveitáronse os avances na xestión de licenzas de software para os estudantes para propoñer aos centros un modelo de aulas polivalentes nas que os estudantes poidan utilizar os seus equipos para realizar as prácticas e que o centro dispoña das aulas para outros usos cando sexa necesario. Deste xeito flexibilízase o uso da aula ao non precisar da instalación de equipamento informático permanente.

No que respecta ao equipamento informático e multimedia e ao uso de recursos na rede, o proxecto enmarcado no programa UniDigital acadou a renovación tecnolóxica de 500 equipos docentes e mellorou o equipamento audiovisual de máis de 200 aulas.

Potenciouse o uso na nube mediante as seguintes accións:

- Mellorouse a resiliencia do campus virtual eliminando as dependencias que tiña do CPD físico.

- Seguiuse avanzando no despregue da intranet.
- Migrouse o repositorio institucional Minerva á nube.

No relativo a Biblioteca da USC, durante o ano 2023 desenvolvéronse as seguintes actuacións:

- Posta en produción da nova plataforma de servizos bibliotecarios ALMA en xaneiro 2023, cunha dotación de 86.815 €. Trátase dun proxecto consorciado coas outras universidades galegas a través do CISUG. Como resultado a BUSC conta cun novo catálogo Iacobus que, ademais de renovar o deseño da páxina web, incorpora unha potente ferramenta de descubrimento que permite, dende unha única caixa, indagar na colección da Biblioteca, incluíndo recursos electrónicos, o texto completo de revistas subscritas pola USC ou en Acceso Aberto, así como facer solicitudes de préstamo entre os centros da BUSC ou Interbibliotecario, exportar rexistros e xerar citas ou solicitar novas adquisicións, e integrar a produción científica recollida no Portal de Investigación dentro do catálogo.
- Nas actuacións relacionadas co apoio á docencia e á investigación, a BUSC incrementou un ano máis a participación do estudantado de grao no programa de formación de competencias en información. Así mesmo, a BUSC facilita o acceso á información científica acaída, en formato físico e dixital, para o cal se destinaron 825.000 € para as coleccións propias de libros e revistas.

Pola súa banda, o Portal da Investigación da USC, proxecto emprendido pola USC no ano 2021 a través da firma dun convenio coa Fundación Dialnet (15.000 €), incorpora desde 2023 a produción científica do PDI recollida en WOS . Igualmente desde este ano o PDI pode descargar o seu CVN desde o portal.

Noutras actuacións, realizáronse melloras no mantemento e funcionalidades do repositorio institucional Minerva en termos de control estatístico, metadadación e carga masiva de documentos e lanzouse unha nova colección coa colaboración da Oficina da Igualdade de Xénero para contribuír á visibilización da produción científica sobre este tema.

6. A colaboración institucional

No ámbito da colaboración institucional destaca o cambio de adscrición da Fundación Rof Codina, completada nun tempo récord coa colaboración da Xunta, da Deputación de Lugo e do Concello de Lugo, e que permitiu a súa reorganización e a normalización do funcionamento do Hospital Rof Codina.

Continuouse, así mesmo, co diálogo coas institucións da contorna máis próxima, en especial cos concellos de Santiago e de Lugo. No caso de Santiago, a USC está a traballar co concello nun protocolo que recolle as demandas da USC no que se refire á posta en valor da actividade docente e investigadora, deportiva, cultural, patrimonial e de mellora e mantemento de infraestruturas. Así mesmo, durante o 2023 mantivéronse conversas cos servizos municipais co fin de definir a licitación dos traballos para a adaptación do Plan Especial do campus Universitario, que forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Santiago de Compostela. No último trimestre de 2023 licitarase este contrato que permitirá adaptar a planificación urbanística do campus ás necesidades actuais e dun futuro inmediato da institución.

As Deputacións provinciais de Coruña e Lugo continúan amosando o seu firme apoio á Universidade mantendo as colaboracións estables para a mellora dos Campus, actividades deportivas e actividade docente no caso do grao en Veterinaria en Lugo, e actividades de igualdade tal e como se describe máis adiante. Porén, cómpre destacar que en 2023 a USC puido acometer unha operación de ampliación de capital en Unirisco de 360.510 euros financiada polas Deputacións e que permite contribuír ao desenvolvemento económico e social na provincia da Coruña e en Lugo, reforzando a súa política de investimento e impulsando empresas tractoras que promovan modelos de innovación aberta e busquen estar en contacto con novas tecnoloxías que consoliden os seus modelos de negocio.

No que se refire ás actuacións acordadas coa Consellaría de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, rematáronse as obras para a adaptación dos espazos do edificio de Intelixencia Artificial, co contido que se mencionou na apartado de colaboración cos centros. Así mesmo, estase a preparar a licitación

dos traballos para comezar en 2024 reforma integral do Observatorio Astronómico Ramón María Aller e do inmoble coñecido como Chalé dos Catedráticos, co obxecto de convertelo na sede dun centro de investigación nas ramas de ciencias sociais e humanidades. Ambas actuacións están dotadas con fondos procedentes de convenios coa Consellaría, ao igual que o acondicionamento de espazos dedicados á divulgación científica no Instituto da Lingua Galega.

Nos meses de setembro e outubro deste ano comezouse a tecer unha rede de colaboración entre a USC e o tecido deportivo galego. Leváronse a cabo varias xuntanzas con preto de 80 entidades deportivas do entorno dos campus de Santiago de Compostela e Lugo. Ademais tamén se levaron a cabo encontros coa Unión de Federacións Deportivas Galegas que aglutina ao 90% das federacións galegas para definir unhas liñas de acción conxunta arredor do deporte de alto nivel e da promoción da práctica físico-deportiva para toda a comunidade universitaria. Este é o punto de partida para contar cunha masa crítica importante para que as accións a desenvolver no ámbito deportivo na USC teñan impacto real e se consiga ampliar o número de persoas que teñen acceso á práctica físico-deportiva. Así mesmo, esta rede resulta determinante para a implementación efectiva do Plan de Proxección Social, neste caso, no ámbito deportivo.

Destaca tamén a formalización do Convenio entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deporte, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e as Universidades da Coruña, Vigo e Santiago de Compostela, para desenvolvemento do Plan Corresponsables. Da dotación total do convenio aportada pola Xunta de Galicia ás universidades (584.678,50 euros) a USC xestionou un total de 320.881 euros.

No eido da igualdade mantivéronse convenios con distintas institucións, que serven para executar accións do III PEIOHM, realizar transferencia de xénero e fortalecer liñas de traballo en formación, investigación e prevención e actuación contra violencias sexuais e sexistas. En 2023 foi posible articular un convenio coa Deputación da Coruña para dotar ao Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero (CIFEX) con 42.500 €, e a

sinatura dun convenio do programa Corresponsables coa Secretaría Xeral de Igualdade, con 20.000,00 € de dotación. Estes dous convenios, xunto co aumento de 10.000 € do convenio do Pacto de Estado con respecto do 2022, supuxeron un incremento de 54.500,00 € na dotación para actividades de igualdade dentro da institución.

Así mesmo, realizáronse proxectos e actividades de divulgación da perspectiva de xénero na docencia e na investigación co Concello de Santiago de Compostela.

O ESCENARIO ECONÓMICO

No relativo ao escenario económico nacional e internacional, continúan as incertezas sobre a súa evolución. A subida de prezos que provocou a guerra de Ucraína moderouse en 2023 pero a inflación subxacente continúa sendo alta e a subida dos tipos de xuro impactan directamente na actividade económica e nas economías familiares.

Malia ao anterior, os principais organismos internacionais e nacionais están revisando á alza as estimacións de crecemento para o 2023 e á baixa as previsións para 2024. Cómpre ter en conta que no 2024 pode ter un impacto negativo a eliminación das medidas públicas tomadas para conter os prezos e o prezo crecente do petróleo que podería contribuír a aumentar a inflación. As estimacións máis recentes de crecemento para 2023 para España sitúano nun 2,3% e nun 1,8% para 2024.

Pola súa banda, o proxecto de orzamentos de Galicia para o ano 2023 prevé un escenario macroeconómico no que se producirá unha ralentización da economía galega nos próximos meses, con taxas de crecemento do PIB do 1,8% en 2023 e do 1,9% en 2024.

O escenario macroeconómico completo é o seguinte:

Cadro macroeconómico Galicia. Variación anual en %

	2022	2023	2024
Gasto en consumo final	-0,1	0,3	1,3
- Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	1,3	-0,4	1,3
- Gasto en consumo final das AAPP	-3,6	2,1	1,5
Formación bruta de capital	1,4	3,7	3,8
Achega demanda interna¹	0,1	0,8	1,6
Exportación de bens e servizos	5,0	2,9	4,8
Importación de bens e servizos	-1,4	1,4	4,7
Achega demanda externa¹	3,7	1,0	0,3
Produto interior bruto (PIB)	3,8	1,8	1,9
Produto interior bruto nominal	8,8	6,5	5,5
Deflactor do PIB	4,8	4,6	3,5

Emprego. PTETC	2,2	1,7	0,6
Taxa de paro²	11,0	9,8	9,4

¹ Contribución en puntos porcentuais

² % da poboación activa

Fonte: IGE

Data peche previsións: 05 outubro 2023

Esta información determina a evolución dos distintos subfondos que compoñen o Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026 para o 2024, que están suxeitos a actualización segundo os seguintes criterios:

MASAS	SUBFONDOS	Criterio Evolución
FINANCIAMENTO NON CONDICIONADO	1. CUSTE ESTÁNDAR	<i>Masa salarial</i>
	2. SERGAS, INEF persoal	<i>Masa salarial</i>
	3. INEF funcionamento	<i>Deflactor PIB</i>
	4. SUBFONDO GASTO FUNCIONAMENTO (Gasto corrente e gasto de capital)	<i>Deflactor PIB</i>
	5. COMPLEMENTOS RETRIBUTIVOS (estatais e autonómicos) E COMPENSACIÓN POR MATRÍCULAS	<i>Complementos viventes</i>
	6. COSTES ASOCIADOS AO FUNCIONAMENTO DO SUG	<i>Constante agás ACSUG (masa salarial)</i>
	7. PANEL DE INDICADORES	<i>PIB real</i>
	8. SUBFONDO DE ESTABILIDADE FINANCEIRA, EFICIENCIA E MELLORA ESTRATÉXICA	<i>5% de 1 e 4</i>
FINANCIAMENTO DA INVESTIGACIÓN	9. FOMENTO I+D+i e a TRANSFERENCIA	<i>Dobre da taxa de referencia do crecemento do PIB</i>
	10. Fondos Europeos	<i>PO FEDER/FSE</i>

En termos absolutos, a USC incrementa un 3% na transferencia do conxunto de fondos non condicionados.

O Plan Presupuestario 2024, do 15 de outubro, que o Goberno de España remitiu á Comisión Europea eleva a previsión de crecemento para España ata o 2% para o 2024 e contempla un obxectivo de déficit do 3% para o conxunto das administracións públicas e do 0,1% para as comunidades autónomas.

Porén, o proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia contempla un déficit cero, eliminando a posibilidade de recorrer ao endebedamento como fonte de financiamento.

Entre as medidas que incrementan o gasto no sector público teñen incidencia especial os incrementos retributivos para o persoal empregado público pactados no Acordo Marco para unha Administración do Século XXI pactado entre o Goberno e os sindicatos da función pública e que contempla un incremento do 2% para as retribucións de todos os empregados públicos en 2024, porcentaxe que pode aumentar un 0,5% en función da variación do IPC harmonizado.

Así mesmo, terá incidencia especial no capítulo I o incremento previsto dun 0,1% do Mecanismo de Equidade Interxeneracional e o aumento das bases máximas de cotización.

En canto os fondos asociados ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, a Comisión Europea aprobou a Adenda del Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España co obxectivo de mobilizar a totalidade dos fondos europeos Next Generation EU antes do 2026 e completar o proceso de modernización económica en marcha. Isto abre a posibilidade de recibir, entre transferencias e préstamos, ata 25.600 millóns de euros en 2024.

LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO

O 8 de marzo a Comisión Europea publicou unha comunicación coas “Orientacións de Política Fiscal para 2024” que terán que cumprir os Programas de Estabilidade e Convergencia dos Estados membros.

Nestas orientacións a Comisión reiterou que en 2024 se desactiva a cláusula de salvagarda. Ademais, a Comisión tamén pediu aos Estados membros que reforzasen a sostibilidade da súas finanzas públicas a partir do próximo ano, sempre na medida en que a inestabilidade xeopolítica e de prezos provocada pola invasión rusa o permita.

O Goberno de España deseñou no Programa de Estabilidade 2023-2026 unha estratexia fiscal encamiñada cara a unha redución gradual da débeda pública. Porén o proceso electoral retrasou a fixación da regra de gasto para o ano 2024 polo que para a elaboración do límite de gasto na USC teranse en conta, unicamente, as previsións do proxecto de orzamentos de Galicia para a fixación do límite de gasto non financeiro.

De conformidade co artigo 30 da LO 2/2012, do 27 de abril é preciso determinar o límite de gasto de gasto non financeiro de acordo a criterios orzamentarios e non de contabilidade nacional. Para establecer o límite de gasto debemos ter en conta a subida retributiva prevista no artigo 19.Dous da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023, así coma o incremento retributivo previsto no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma para 2024.

Do mesmo xeito, é preciso considerar a taxa de referencia de crecemento do PIB prevista no proxecto de orzamentos de Galicia e que se sitúa no 4,7% segundo o Informe de Estratexia Financeiro Fiscal de outubro de 2023 (Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, núm. 580 do 16 de outubro)

De acordo co anterior, o teito de gasto estableceríase de acordo cos seguintes datos:

Concepto	Importe
Gasto computable (non afectado) orzamento inicial 2023	225.041.788,76
Subida retributiva adicional 2023 IPC harmonizado (0,5%)	821.930,96
Subida retributiva adicional 2023 PIB Nacional (0,5%)	821.930,96
Subida retributiva 2024 (2%)	3.386.355,56
Subida retributiva adicional 2024. Condicionada a IPC harmonizado (0,5%)	850.698,54
Base para cálculo 2024	230.939.143,41
Taxa de referencia de crecemento do PIB a medio prazo (4,7%)	10.854.139,74
TEITO DE GASTO NON FINANCIERO 2024	241.793.283,15

O teito de gasto non financeiro expresado nestas liñas non ten en conta a especial singularidade da USC, na medida en que unha parte substancial dos seus ingresos e gastos son afectados, o que se ten en conta nos criterios fixados pola AIREF. Tendo en conta os mesmos, a cifra máxima de gasto non financeiro é de 319.107.877,15 € neste momento.

LIÑAS ESTRATÉXICAS E INSTRUMENTAIS PARA O 2024

O lema destas liñas xerais, “**Cumprindo compromisos, pensando no futuro**”, mantén tamén a premisa dos orzamentos de 2023, seguimos precisando dunha unha estratexia integral que conecte as partes co todo.

A realidade universitaria está sometida a un elevado grao de incerteza. Así, o contexto político cambiante, a actitude, en ocasións titubeante, dos entes financiadores sométnos a tensións nas xustificacións de axudas ou establecen procedementos kafkianos como os controis previos dos fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Pero temos unha fortaleza, a estabilidade que nos proporciona o Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026, que marca uns eixos consensuados por todas as partes, e que ten uns obxectivos de mellora que esixen unha participación activa no seu desenvolvemento.

En liña co anterior, podemos defender uns obxectivos propios, estables, que sirvan de guía para a planificación a todos os niveis:

- Unha USC máis sustentable, sostible e eficiente
- Unha USC con maior proxección social, con maior inserción no tecido social e mesmo na contorna urbana
- Unha USC que se proxecta no mundo, con seguridade, con orgullo e con moito potencial
- Unha USC que sexa un exemplo de boa administración, cun liderado no ámbito administrativo máis eficiente e eficaz, con vocación de servizo público
- Unha USC que forme persoas con valores, importante para o desenvolvemento da nosa sociedade, entre os que terán un papel destacado a igualdade, a saúde integral e a atención ás consecuencias do cambio climático.

Para manter eses obxectivos e a estabilidade precisa para acometelos, a prudencia, o rigor, o control nas actuacións e a transparencia deben ser os principios reitores das nosas políticas, xa sexan dirixidas ás persoas ou aos

recursos materiais. Temos unha función social que cumprir e a obriga de facelo desde o principio de boa administración.

O lema fala de cumprir compromisos, iso implica cumprir cos compromisos acadados en 2022, 2023 neste novo exercicio no ámbito do persoal, de cara ao estudantado, nas infraestruturas, nos recursos materiais, na investigación. Pero non podemos facer isto sen avanzar cara o futuro, e isto implica proxectar novas melloras, actualizar as ferramentas como Xescampus ou a integración na ferramenta Xumco, actualizar e cumprir cos plans para o persoal, facer realidade novas estruturas de investigación máis fortes que nos fagan máis competitivos, dotarnos dun novo marco de transferencia que nos converta en referencia para o sector económico e institucional, avanzar nos programas propios de investigación como ferramenta útil e necesaria para consolidar a investigación, perder o medo a descentralizar os procesos nas estruturas de investigación que teñen un nivel de madurez suficiente para a xestión dos seus recursos e avanzar cun Plan de Internacionalización que nos garanta que a marca USC non se reduce ao territorio que ocupa.

Para cumprir con todo o anterior, cómpre agora detallar as liñas estratéxicas e instrumentais para o 2024.

LIÑAS ESTRATÉXICAS

1. As persoas
2. A docencia
3. A investigación

LIÑAS INSTRUMENTAIS

4. Os medios necesarios
5. A transformación dixital
6. A colaboración institucional

LIÑAS ESTRATÉXICAS

1. As persoas

1.1 O estudantado

Na liña de contribuír á atención ás situacións vulnerables iniciada durante a pandemia, o aumento da inflación pola crise enerxética e polo contexto actual están tendo unha incidencia moi acusada nas economías familiares. A

Universidade ten como prioridade axudar ao estudantado en situación de vulnerabilidade polo que se aumenta un 120% a dotación de axudas para a manutención. En 2024, a atención ao estudantado en situación de vulnerabilidade mantén dúas actuacións principais con unha dotación de 720.000 €:

- Axudas á manutención, cuxa convocatoria para o curso 2023-2024 xa foi resolta e que permiten contribuír con máis de 112.000 menús nas cafeterías e comedores universitarios.
- A Unidade de Atención Psicolóxica, cunha actividade consolidada despois de tres anos, e que ampliou a súa actividade de intervención co estudantado realizando tamén intervencións de asesoramento para acceder aos servizos máis axeitados en cada caso como pode ser trastornos da alimentación, CIM ou Quérote+, entre outros. Ademais, participa activamente nas Xornadas de Benvida para dar difusión sobre a propia Unidade e facer sensibilización da importancia da saúde mental. Adoptaranse as medidas precisas co obxectivo de reducir as listas de agarda e poder dar unha resposta o máis inmediatea e sistemática posible ao noso estudantado na Unidade da Atención Psicolóxica. Para isto, realizarase unha planificación plurianual que inclúa actividades de sensibilización nos centros e que lle dea estabilidade a esta Unidade. Como primeira medida ampliarase o horario de atención pasando das actuais 24 horas semanais ás 40 horas semanais. Estas medidas adoptaranse no primeiro semestre do ano 2024.
- Axudas ás situacións especiais.

En 2024 continuarán, así mesmo, as actuacións proxectadas no Plan de Proxección Social da USC co obxecto de achegar ao estudantado a programación cultural e deportiva, e tamén á comunidade universitaria e á cidadanía.

Para o ano 2024 as actuacións destinadas ao estudantado, dotadas con 244.250 euros, estrutúranse en torno a cinco liñas principais de actuación:

- Achegar ao estudantado unha programación cultural sostible, actual e autónoma.

- Reforzar a proxección da universidade como entidade cultural e as súas redes co tecido cultural galego.
- Manter o compromiso coa formación integral do estudantado.
- Continuar coa optimización dos servizos de apoio ao estudantado;
- Reforzar as axudas dirixidas ao estudantado.

A primeira das liñas está destinada a xerar unha programación cultural que alicerce e poña en valor a creación artística realizada por e para o estudantado universitario, tanto a que emana dos centros e dos espazos de produción propia (Aula de Teatro, Espazo de Danza e a Orquestra e o Coro universitarios), como as propostas de novas artistas emerxentes.

A segunda liña, destinarase ao reforzo da proxección da universidade como entidade de divulgación cultural e científica e das súas redes co tecido cultural galego, potenciando as campañas Primavera Cultura e Outono Cultural, colaborando con outras institucións nas iniciativas locais e potenciando os recursos culturais propios da institución entre os que están os fondos de arte contemporáneo. Esta liña completarase cos investimentos para a posta en marcha dunha Rede de Centros de Divulgación co obxectivo de fomentar o interese pola ciencia e a cultura científica na sociedade para a que se obtivo financiamento da Xunta de Galicia e que se describe na liña instrumental Colaboración institucional.

A terceira liña está destinada ao compromiso coa formación integral do estudantado, con proxectos que integran expresión artísticas e de carácter divulgativo na formación universitaria, así como nova oferta formativa e a consolidación das Xornadas de Benvida na que será a súa terceira edición.

A cuarta liña está destinada ao reforzo e optimización dos servizos de apoio ao estudantado, a través da que se reforzará a axuda de Asistencia Persoal xestionada no Servizo de Voluntariado e Inclusión Social coa contribución do Consello Social. Tamén se reforzará a convivencia no Servizo Universitario de Residencias coa racionalización e reforma da normativa aplicable, a

dinamización cultural e deportiva e con iniciativas de convivencia e de participación dos residentes. Contempla, así mesmo, a IX convocatoria de Mentoring e a segunda edición da Feira Virtual de Emprego para mellorar a empregabilidade do estudantado.

Por último, a quinta liña enfócase nas iniciativas de apoio ao estudantado e dótase con 75.000 euros en colaboración co Consello Social. Contéplase aquí a asistencia persoal para o estudantado con diversidade funcional, a convocatoria de axudas para proxectos de dinamización en centros docentes e axudas específicas para as asociacións inscritas no rexistro da USC, así como o apoio á organización, por parte do estudantado, de encontros nacionais das súas respectivas sectoriais.

1.2 O persoal

É importante comezar polas actuacións que afectan a todo persoal, con independencia do colectivo ao que pertencen tendo en conta que as partidas deste ámbito constituirán un total conxunto que deberá servir para dotar suficientemente o cumprimento dos obxectivos e compromisos de planificación dos distintos ámbitos de persoal.

Cómpre destacar aquí o **Centro de Formación de Persoal**, que no escaso ano e medio desde a súa creación, foi quen de desenvolver accións para todo o persoal superando a discriminación que se viña producindo con respecto ao persoal contratado con recursos de I+D+i. En 2024, ademais da ampliación da oferta, procederáse á revisión da normativa que afecta á súa actividade, simplificándoa e introducindo mecanismos para a colaboración na definición da oferta, especialmente a referida á innovación docente.

Por outra banda, negociouse co persoal a redefinición das actuacións contempladas dentro da **acción social**. Tendo en conta que esta contía non é susceptible de ampliación segundo a lexislación aplicable, destinarase a achegas ao plan de pensións que para o 2024 estímense en 380.000 euros e o resto destinarase a axudas de matrícula en estudos oficiais e á axuda para atención odontolóxica de pacientes con necesidades especiais que estean a

cargo de traballadores/as da USC. Os demais compromisos acadados na negociación deberán ser completados ou asumidos con fondos doutras partidas do orzamento.

Procede agora unha análise das actuacións diferenciadas por colectivos, das que destacan as seguintes:

Á hora de definir as liñas estratéxicas en materia de profesorado para ser desenvoltas en 2024, cómpre ter en conta, por unha banda, a persistencia dunha serie de elementos que veñen condicionando as actuacións neste terreo nos anos precedentes, e, ademais, os cambios introducidos no escenario como consecuencia da aprobación da Lei Orgánica do Sistema Universitario.

Polo que se refire aos primeiros, é preciso salientar que ao longo da década de 2020 o número de xubilacións seguirá manténdose en cifras parecidas ás dos últimos anos, para elevarse considerablemente nos anos finais da década. Por outra banda, por máis que a idade de incorporación á Universidade do profesorado axudante doutor vai descendendo paulatinamente, esta continúa a ser moi alta, o que determina que unha elevada porcentaxe do profesorado que accede a esta categoría estea xa acreditada para figuras de profesorado permanente ou ben obteña esta acreditación pouco despois da súa contratación. Finalmente, aínda que coa actuación despregada en 2023 as bolsas de profesorado contratado doutor ou titular acreditado, respectivamente, para as figuras de titular ou catedrático foron eliminadas, faise preciso seguir atendendo as solicitudes de promoción do persoal que obtén a súa acreditación en cada anualidade.

Polo que se refire á implementación dos cambios introducidos pola LOSU, cómpre salientar, por unha banda, as consecuencias derivadas da redución a 180 horas lectivas da capacidade docente do profesorado axudante doutor contratado con posterioridade á entrada en vigor da norma, e, por outra, a necesidade de adecuar, antes da finalización de 2024, as condicións de contratación do profesorado asociado, que, de acordo coa nova lei, debe ser contratado con carácter indefinido e cunha dedicación máxima de 120 horas lectivas, fronte ás 180 actuais.

Tendo en conta o anterior, as actuacións en materia de PDI que a Universidade deberá acometer no exercicio de 2024 enmarcaranse nas seguintes liñas estratéxicas:

- Seguir apostando pola contratación de profesorado axudante doutor como vía principal para a incorporación de novo profesorado á Universidade, co obxectivo de garantir ás áreas a capacidade necesaria para atender o seu encargo e, ao tempo, de renovar aquelas áreas particularmente avellentadas.
- Continuar avanzando na anticipación dos procesos de estabilización do profesorado axudante doutor acreditado, priorizando, en todo caso, a daqueles que, con independencia da data de finalización dos seus contratos, posúan a acreditación ao corpo de titular de universidade ou a certificación I3. Para garantir a progresiva redución da bolsas de persoas axudantes doutoras acreditadas para categorías superiores, atenderanse, cando menos, todas as solicitudes daquelas persoas cuxos contratos finalizan ao longo de 2024, 2025 e 2026, dentro do marco da dotación extraordinaria prevista nestas liñas xerais para o Plan de Profesorado.
- Manter a política de estabilización de persoal investigador do programa Ramón y Cajal e doutros programas de consolidación de investigadores, adiantando no posible os procesos naquelas áreas con necesidades estruturais.
- Atender a promoción do profesorado contratado doutor e titular acreditado, respectivamente, para os corpos docentes de profesorado titular e catedrático/a de universidade.
- Abordar o proceso de estabilización do profesorado asociado nos termos establecidos na disposición adicional sétima da LOSU.

Estas actuacións terán unha dotación extraordinaria de 750.000 €.

No relativo ao Persoal de administración e servizos dotaranse con 750.000 € as actuacións incluídas no Plan de PAS 2023-2026, actualmente en fase de negociación, que continuará coa revisión da RPT das distintas áreas, de cara a mellorar a prestación dos servizos, e que incluírá unha oferta programada de

promoción interna independente. Entre as actuacións incluídas no Plan estarán as seguintes:

- Mellorar o deseño da oferta de formación, orientada á adecuar os perfís do persoal ás necesidades da organización e á revisión funcional da relación de postos de traballo.

- Desenvolver unha planificación que garanta o axuste do cadro de persoal ás actividades que desenvolve a universidades, coa suficiente flexibilidade para adaptarse aos cambios, a través da modificación e revisión da relación de postos de traballo.

- Desenvolver a carreira profesional, dentro das dispoñibilidades orzamentarias, tendo en conta a estratexia de formación e promoción e as ferramentas que permitan o seu desenvolvemento.

- Mellorar os procesos relacionados coa xestión de persoal e, en particular, os procesos de mobilidade que deberán contemplar a apertura a outras universidades coa subscripción dos oportunos convenios e cun novo regulamento de xestión das listas de agarda para adecualo a lexislación vixente e aplicar o principio de celeridade na cobertura temporal de postos sen menoscabo da vixencia dos principios de publicidade, mérito, igualdade e capacidade que rexen nos procesos de selección de empregados públicos.

Igualmente, antes de final de 2024, e para favorecer a renovación do cadro de persoal, procederáse á segunda prórroga anual do acordo de xubilación parcial asinado en 2019.

Canto ao persoal investigador e de apoio á investigación, unha vez superada a fase de estabilización e consolidado o contrato indefinido por actividades científico-técnicas cómpre avanzar no marco xurídico, coa revisión do Acordo de clasificación profesional e condicións retributivas recoñecendo para este persoal como factor esencial do desenvolvemento da investigación na USC.

A modificación da Lei 14/2011, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación e a entrada en vigor da Lei orgánica 2/2023 do Sistema Universitario recoñecen

plenamente a condición deste persoal polo que o obxectivo para 2024 é avanzar nos dereitos deste colectivo.

A dotación para esta última actuación será de 750.000 €, na que se inclúe o custo da harmonización retributiva derivada da actualización do IV Convenio Colectivo Único do Estado, instrumento de referencia para o persoal investigador en formación predoutoral, así como os custos derivados da carreira profesional.

Manterase a política de contratación de persoal investigador predoutoral dentro das dispoñibilidades orzamentarias previstas nestas liñas. Para a distribución dos contratos continuarase apostando polo reforzo daquelas áreas con maiores dificultades para a captación de persoal investigador predoutoral, aquelas máis envellecidas, e/ou aquelas con maiores déficits para facer fronte ao seu encargo docente.

Ademais das cuestións específicas xa expostas para o PDI, PAS, PEI da USC, a universidade implantará para toda a comunidade universitaria unha tarxeta comedor propia, nun formato virtual que permita aplicar prezos distintos á comunidade universitaria.

1.3 A comunidade universitaria e a cidadanía

A proxección social da Universidade continuará sendo un eixe esencial en 2024, integrando a responsabilidade social que temos como institución e proxectando na nosa contorna os valores que conforman a universidade. A dotación para esta actuación será de 383.000 € no seu conxunto.

O remate da reestruturación dos entes instrumentais en 2023 abre unha porta á redefinición da proxección social entendida como imaxe de marca. Neste últimos meses completouse a diagnose de servizos tan dispares como as tendas da USC, o museo Domus Mitreo do Campus de Lugo, a Casa Europa ou o servizo de reprografía. A Fundación USC será clave durante o 2024 para reorientar esta actividade e aumentar a proxección da nosa institución.

O impulso destas actividades a través do diálogo e colaboración coas institucións e organismos máis próximos, a integración nas tramas urbanas nas que se

insiren os campus, a divulgación da actividade científica e a dinamización deportiva e cultural, dirixidas ás persoas que forman parte da comunidade universitaria mais tamén aos seus antigos e futuros membros e á sociedade en xeral, constituíu un eixo importante de actividade no 2023 e continuará a selo neste exercicio. No relacionado cos Espazos USC faise unha referencia máis detallada no apartado 4.3.

No relativo ao uso da lingua galega, nesta liña estratéxica contémpase tamén o apoio ás actividades das Comisións de Normalización dos Centros e a coordinación entre as mesmas xunto co apoio as cátedras institucionais dedicadas a potenciar a nosa lingua e literatura. Asemade, afondarase nunha dotación de recursos que permitan unha maior galeguización dos estudos universitarios (explorando novos mestrados no ámbito da lingua e literatura galegas), tendo como meta que no curso 2026-2027 se atinxa que un terzo das materias se impartan en galego de forma real e efectiva. Serán as accións máis salientables para o ano 2024. Estas medidas complementáanse con accións para atinxir recursos e material didáctico en galego. Ademais, incluíranse na oferta do Centro de Linguas Modernas cursos de lingua galega de todos os niveis (de A1 a C2) abertos a toda a comunidade universitaria como parte da estratexia de promoción do idioma propio.

O 2024 marcará un punto de inflexión importante nas políticas de xénero na Universidade de Santiago de Compostela debido, fundamentalmente, á necesidade de crear unha unidade de diversidade, tal e como recolle a Lei orgánica do Sistema universitario, á extinción do III Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes da USC (2012-2024) (III PEIOHM) e á adaptación do Protocolo de prevención e actuación fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero da USC debido á aprobación das Normas de convivencia.

Estas son as accións prioritarias no ámbito da igualdade xunto co desenvolvemento das medidas que están recollidas no III PEIOM, do que haberá que facer unha avaliación final destinada a mellorar as medidas existentes e deseñar unhas novas liñas de igualdade para os seguintes catro anos.

No seu artigo 43, a LOSU recolle que as unidades de diversidade terán que coordinar e incluír políticas universitarias de inclusión e antidiscriminación de forma transversal. A proposta responde a un enfoque interseccional que ten que ser abordado de maneira conxunta coas políticas de igualdade, de xeito que, na propia redacción do novo Plan de Igualdade da institución, vaian recollidas as propostas de políticas de diversidade e inclusión. Tanto a transformación do plan existente como a introdución de novas liñas estratéxicas de diversidade supoñen un desafío importante para a USC e precisarán do esforzo colectivo para a súa negociación e aprobación.

Con este obxectivo, ademais dos recursos que se podan captar en colaboración con outras institucións.

Pola súa banda, a USC aprobou en 2016 o seu Protocolo de prevención e actuación fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero da USC, que segue sendo unha ferramenta pouco coñecida na comunidade universitaria. Ademais da necesidade de dar a coñecer o Protocolo e o seu funcionamento, unha garantía para o benestar das persoas que compoñen a USC, a aprobación da normativa de convivencia indica na súa disposición adicional segunda que o Protocolo debe revisarse no prazo dun ano desde a entrada en vigor da normativa, en marzo de 2023. A prevención, abordada a través da formación e de diagnoses, será un dos elementos chave para poder manter unha política de protección e transparencia da Universidade de Santiago de Compostela. Dotarase á comisión de convivencia dos recursos económicos necesarios para garantir o adecuado desenvolvemento das súas funcións.

No ámbito deportivo, as principais liñas de actuación para o ano 2024 contemplan a actualización da normativa e regulación da práctica físico-deportiva na USC e o impulso e fomento de iniciativas nos centros docentes que dean resposta ás necesidades e intereses da comunidade universitaria e, dese xeito, aumentar os niveis de práctica físico-deportiva da comunidade universitaria.

Así mesmo, incidirase en fidelizar ás persoas usuarias dos servizos e actividades ofertadas pola Área Deportiva, incidindo na calidade destas e na atención ás persoas usuarias, o cal redundará na proxección social da USC a través do deporte. A mellora das infraestruturas existentes será tamén un obxectivo para o 2024 no que deberán implicarse as institucións da contorna.

A actividade programada farase tamén tendo en conta a perspectiva de xénero en cuestións como a accesibilidade á práctica, o impulso da práctica entre as mulleres e a práctica segura en espazos seguros, entre outras.

2. A docencia

En liña coas accións desenvolvidas na anualidade 2023 e á vista dos bos resultados acadados, para o 2024 propóñense as seguintes actuacións, cun orzamento previsto de 250.000 €, que permitirán continuar avanzando na mellora progresiva da oferta académica da institución en todos os seus niveis, pero tamén explorar novas vías para a actualización da nosa oferta docente (por exemplo, titulacións duais e microcredenciais).

(a) Accións de **mellora das titulacións oficiais de grao, mestrado e doutoramento**

No marco das accións de mellora progresiva da oferta de titulacións oficiais iniciadas en anteriores anualidades, propóñense para 2024 as seguintes actuacións:

i. Convocatoria para o financiamento de accións de mellora de titulacións de grao, orientada a incrementar as oportunidades dos nosos títulos para obter o selo de excelencia da Xunta de Galicia (mellora das taxas de ocupación, graduación e abandono; dinámicas de colaboración da contorna no deseño do título; mellora das metodoloxías docentes empregadas nas aulas; desenvolvemento de estratexias de avaliación formativa etc.).

ii. Convocatoria para o financiamento de accións de mellora de másteres oficiais, centrada en actuacións como a posta en marcha de programas de titorización e mentorización individual do estudiantado ou de seguimento das persoas

egresadas no mercado laboral, a potenciación das competencias para a empregabilidade ou o coñecemento da práctica profesional, campañas de difusión e de captación de estudantes, visitas a empresas etc.

iii. Accións de mellora das competencias transversais nos estudos de doutoramento. A alta demanda deste tipo de formación e os excelentes resultados acadados en exercicios anteriores recomendan dar continuidade a estas accións en 2024, cunha maior oferta de actividades que contribúa a fortalecer as habilidades e as competencias transversais do noso estudiantado de doutoramento. A progresiva virtualización da actividade formativa (naqueles casos en que é metodoloxicamente axeitada) permitirá incrementar tanto a oferta de cursos como o número de participantes neles, ademais de flexibilizar a súa impartición.

(b) Accións para o desenvolvemento de **mestrados duais**

Entre as liñas de actuación da mellora da oferta docente da USC de cara ao futuro atópase a incorporación de titulacións con mención dual, unha das estruturas curriculares específicas recollidas no Real Decreto 822/2021 polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade. Os títulos duais, nos que un proxecto formativo común se desenvolve de forma complementaria nun centro universitario e nunha entidade colaboradora (empresa, organización social ou sindical, institución ou administración), teñen unha incidencia directa na mellora da formación integral do estudiantado e da súa empregabilidade e, polo tanto, o modelo está tendo unha excelente acollida en países da nosa contorna no ámbito universitario, así como no eido da formación profesional.

No contexto desta acción, propónse a posta en marcha das actuacións necesarias para o lanzamento de programas piloto de titulación dual a nivel de máster no futuro próximo como parte da oferta formativa da USC. As posibles actuacións a desenvolver inclúen, entre outras, as seguintes: actividades informativas e formativas relacionadas con experiencias previas de éxito, nomeadamente o modelo MONDRAGÓN DUAL, que ofrece tres tipos de itinerarios formativos duais diferentes (Mención dual; Itinerario alternancia

Universidad-Empresa/Escuela; Itinerario I-Dual); actividades a desenvolver coas entidades que sexan susceptibles de participar no deseño e implementación do título.

(c) Accións de mellora da **avaliación docente nas titulacións de grao e mestrado**

A revisión continua das actividades realizadas en todos os niveis de funcionamento é un pilar fundamental no ciclo de mellora. A USC emprega actualmente un sistema de enquisas en liña para obter información sobre diversas actividades: docencia impartida e recibida, satisfacción dos grupos de interese coa información dispoñible, avaliación do funcionamento de relacións coa contorna (por exemplo, as prácticas de estudantes, seguimento das actividades de formación dos diversos grupos de interese, etc.). Proponse a posta en marcha de actuacións orientadas á realización dunha análise integral do sistema de avaliación da USC por expertos procedentes de diversos ámbitos.

(d) Accións de **dinamización e difusión da oferta formativa non oficial, incluídas as microcredenciais**

Dada a relevancia que está adquirindo a formación ao longo da vida e as necesidades de actualización permanente das persoas egresadas e dos/as profesionais de distintos sectores, as experiencias desenvolvidas nos últimos anos no ámbito das titulacións oficiais poden ser trasladadas aos estudos propios, nas súas diferentes formulacións xa existentes (másteres de formación permanente, diplomas de especialización e de experto/a, formación específica e a demanda), ás que se sumaron recentemente as microcredenciais. Tal como se indica na Recomendación relativa a un enfoque europeo das microcredenciais para a aprendizaxe permanente e a empregabilidade, adoptada polo Consello da Unión Europea o 16 de xuño de 2022, as microcredenciais constitúen unha ferramenta imprescindible na sociedade actual que ofrece unha forma flexible e personalizada de axudar ás persoas a adquirir os coñecementos, as capacidades e as competencias que precisan para o seu desenvolvemento persoal e profesional. Neste contexto, proponse a posta en marcha dunha serie de accións para a dinamización e a difusión da oferta formativa non oficial da

Universidade, así como para o desenvolvemento dun programa piloto de microcredenciais e a incorporación da USC á oferta de microcredenciais do consorcio EUniWell.

Internacionalización

Nos últimos anos a internacionalización erixiuse como un distintivo cada vez máis relevante para as institucións de educación superior, converténdose así nun valor intimamente ligado á súa reputación e aos seus estándares de excelencia. Unha universidade do século XXI ten, por tanto, que abrirse á dimensión internacional, proxectar a súa oferta educativa cara ao exterior ao mesmo tempo que prepara ao seu estudiantado e ao seu persoal docente, investigador e de xestión para os desafíos dunha sociedade cada vez máis complexa e global.

Ao longo do ano 2023 elaborouse un Plan de Internacionalización para o período 2024-2026, cuxa aprobación polo Consello de Goberno espérase teña lugar ao inicio do ano 2024. O Plan está estruturado arredor de cinco grandes liñas estratéxicas:

- Liña estratéxica 1: Impulso á coordinación e consolidación de estruturas, recursos e procesos de xestión eficiente da internacionalización.
- Liña estratéxica 2: Potenciación da visibilidade e posicionamento internacional da Universidade.
- Liña estratéxica 3: Fomento da internacionalización da docencia e da investigación.
- Liña estratéxica 4: Impulso á mobilidade física e á mobilidade virtual.
- Liña estratéxica 5: Reforzo da internacionalización na casa.

A posta en marcha dun Plan de Internacionalización como o formulado require da adhesión e do compromiso explícito da comunidade universitaria no seu conxunto, así como da dotación económica necesaria para executar as diversas accións que se asocian a cada unha das súas liñas estratéxicas. Neste contexto,

propóñense unha serie de actuacións destinadas ao cumprimento das accións programadas no Plan para o seu primeiro ano de execución, cun orzamento total previsto de 660.000 €. Entre outras accións, destacan as seguintes:

(a) Desenvolvemento de **estratexias para a atracción** de estudantado **internacional**, ben como *free movers*, ben como estudantes de captación que cursan na USC unha titulación completa. Para este fin é necesario contar cunha ferramenta de posicionamento SEO que promocioe a nosa oferta de titulacións oficiais e permita a segmentación do estudantado prospectivo e a creación de eventos de captación enfocados a mercados ou tipos de estudantado determinados. Esta medida complementábase co desenvolvemento de campañas de mercadotecnia dixital, especialmente enfocadas á promoción das titulacións de mestrado e de doutoramento. Estas estratexias máis novidasas deben coexistir con aquelas máis tradicionais, pero igualmente efectivas, como son as feiras presenciais e virtuais, tanto de *networking* (por exemplo, EAIE ou NAFSA) como de captación.

(b) **Impulso á mobilidade tanto presencial como híbrida ou virtual**. Para este fin dotaranse axudas propias para a participación no programa de mobilidade por convenio bilateral para favorecer a participación do estudantado da USC neste programa e deste modo paliar o desequilibrio existente na actualidade entre estudantes entrantes e saíntes. Así mesmo, abrírase unha convocatoria para fomentar a participación en programas BIP (Blended Intensive Programmes) ou en programas piloto de mobilidade virtual. As accións no ámbito da mobilidade completaranse coa dixitalización dos procesos da xestión da internacionalización e coa mellora das actividades e recursos de acollida ao estudantado, PDI e PAS estranxeiro que recibe a USC.

(c) Reforzo das **accións de cooperación internacional**. A proxección internacional da USC implica tamén reforzar a nosa vocación como unha universidade comprometida coa cooperación internacional, continuando con accións como o Programa de Axudas a Persoas Refuxiadas ou con Estatuto de Protección Temporal ou a colaboración co programa Learn Africa da Fundación Mujeres por África e coa Fundación Carolina.

(d) Participación dos distintos colectivos que conforman a comunidade universitaria en actividades de **EUniWell**. Tamén no ámbito da proxección e a colaboración internacional, atópase a necesidade de favorecer a participación de estudantes, PDI e PAS da USC nas distintas actividades e iniciativas que xurdan no contexto do consorcio EUniWell que non poidan ser financiadas a través do programa Erasmus+.

3. A investigación

Para 2024 a Universidade porá o foco en consolidar os cambios lexislativos derivados da modificación da Lei 14/2011, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación e a Lei orgánica 2/2023 do Sistema universitario.

Comezando coa investigación, abordaranse as seguintes actuacións, dotadas con 350.000 €:

a) **Redefinición da Axenda Científica** propia da USC

Cómpre que a USC redefina o que entende por investigación, transferencia, ciencia aberta e ciencia cidadá entre outros conceptos, e polo tanto o que queremos ser no futuro próximo. Para iso, o primeiro paso será a creación dunha Comisión de persoas expertas, tanto da USC como alleas a ela, que propoñan unha axenda científica para os próximos anos que poña en valor as estruturas que temos pero tamén que contribúa a definición de novas estruturas de investigación que inclúan a todos os ámbitos do coñecemento.

b) **Consolidación de estruturas** de investigación

Nas liñas orzamentarias de 2023 contemplaban unha acción a 4 anos, que é preciso manter. Débese avanzar para consolidar e reformular estruturas existentes como o IDEGA, os institutos de Acuicultura e IAQBUS, ou o Ibader entre outros. Por outra banda, o longo de 2024 estarán operativos os centros novos mais avanzados tales como o Instituto de Humanidades e o Instituto de Ciencias do Comportamento. Así mesmo, cómpre avanzar tamén na creación doutras estruturas novas que inclúan todos os ámbitos de coñecemento.

c) Continuar con a **política de estímulo de captación de recursos**.

Continuar coa política de reforzar ou abrir novas liñas de investigación cos seguintes obxectivos:

- Reforzar o apoio ao persoal investigador no proceso de solicitude de bolsas do **Consello Europeo de Investigación (ERC)** e abrir unha liña de captación de persoal posdoutoral relacionada coas accións **Marie Skłodowska-Curie** da UE.

- Incentivar a consolidación de liñas de investigación mediante programas de **apoio á incorporación de programas posdoutorais** que facilite o desenvolvemento do seus proxectos.

d) Desenvolvemento de **programas propios de axudas a grupos de investigación pequenos ou investigadores individuais**.

O acceso aos recursos para aqueles grupos de tamaño reducido ou mesmo individual que non teñen encaixe polo momento nas distintas estruturas de investigación existentes é complexo. En liña coas recomendacións da comisión de avaliación do Selo de Excelencia na Xestión de Recursos Humanos de Investigación, en 2024 realizaranse as seguintes accións:

- Manter a liña de axudas para a asistencia a actividades científicas e a participación en congresos.

- Convocar unha liña de axudas para o uso da Área de Infraestruturas de Investigación e a reparación de instrumentación científica

- Axudas para proxectos de investigación propios da USC

e) Estratexia de **iniciación da carreira investigadora**.

A Universidade manterá a estratexia iniciada en colaboración co Banco Santander prorrogando un ano máis os contratos predoutorais iniciados en 2022 e convocando 30 novos contratos de iniciación á investigación. Estes contratos de iniciación á investigación serán convocados inminentemente para a súa resolución a inicios do ano 2024.

Ciencia aberta e mellora da biblioteca

Así mesmo, na liña de promover a ciencia aberta, impulsaranse as funcionalidades do repositorio institucional Minerva, infraestrutura esencial na Ciencia aberta. Isto permitirá tamén a visibilidade da produción científica da USC a través da aposta por Minerva e a sistematización dos datos no portal de Investigación. Ademais elaborárase a política de ciencia aberta da USC e deseñárase un plan de formación para o PDI. Esta actuación terá unha dotación de 30.000 €.

Por outra banda, na liña de converter a Biblioteca nunha referencia na para a actividade investigadora, reforzase a aposta polos recursos dixitais na docencia mellorando as funcionalidades do catálogo Iacobus e, desta maneira, prestando tamén atención á diversidade funcional desde o punto de vista do acceso aos recursos bibliográficos. Para esta actuación destinaranse 86.000 €. Así mesmo, mellorárase os recursos de formación en competencias informacionais na contorna dixital, ampliándoos a máis colectivos e reforzase a oferta de material audiovisual en colaboración co Servimav e co Centro de Formación de Persoal. En definitiva, farase unha aposta decidida pola mellora na oferta de recursos bibliográficos de calidade en formato físico e dixital de carácter docente e investigador, a través das coleccións propias, cunha dotación de 850.000 € e tamén das consorciadas, cunha dotación de 1.520.000 €.

Ademais, tendo en conta a diversidade de necesidades dentro dos diferentes ámbitos de estudo que conforman a USC, apostarase decididamente por uns horarios de apertura destes espazos de coñecemento axustados á realidade, erixindo as bibliotecas como eixe vertebral da política científica e non só como espazos de estudo.

No relativo á **xestión da investigación** as actuacións contempladas son as seguintes:

a) Avanzar no proceso de **descentralización da xestión da investigación** aos centros mais consolidados para axilizar os tempos de xestión, coa coordinación desde as estruturas centrais.

b) Consolidar a política de **reversión de ingresos por custos indirectos** ás estruturas de investigación con recoñecemento da rede CIGUS, de conformidade co Plan de Financiamento 2022-2026, avanzando na súa independencia financeira a través da asunción dos custos indirectos que xera a actividade investigadora. Á vista dos resultados da convocatoria de axudas de centro e á reestruturación de estruturas, en 2024 recuperarase o programa de xestión de custos indirectos posto en marcha en 2021, abríndoo a centros que non teñan o recoñecemento CIGUS.

c) A reforma da Lei da ciencia e a importancia que ten a **actividade de transferencia** para a Universidade e para a sociedade implican a necesidade de reformar as normas que o regulan na USC. En 2024 aprobarase un novo de regulamento de transferencia que estableza a xestión de contratos e convenios para a realización de traballos de carácter científico, técnico, artístico (revisar) e tamén a creación e participación da universidade en spin off.

No relativo ás infraestruturas e equipamentos relacionados coa investigación A USC, en colaboración coa Consellería de Educación, Cultura e Universidade, está mellorando e ampliando a sede Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE) no edificio Monte da Condesa. A obra comezou no último trimestre de 2022 e rematará no último trimestre de 2024.

Na mesma liña de colaboración, no 2023 redactouse o proxecto de execución para a reforma do inmovible coñecido como Chalés dos Catedráticos para que sirva de sede dun centro de investigación en ciencias sociais e humanidades. No primeiro semestre de 2024 licitarase a obra, que comezará no segundo semestre e prolongarase durante o 2025. No ano 2024 está previsto investir 350.000 €. Ademais deste novo centro, en 2024 redactarase o proxecto para as instalacións do novo instituto de investigación en ciencias do comportamento e das instalacións de investigación do pavillón 4 da Facultade de Veterinaria.

Así mesmo, o Convenio entre a Consellería e a USC para o desenvolvemento de actuacións estratéxicas de I+D+i prevé un investimento de 465.000 euros para a renovación de equipamento científico da Área de Infraestruturas de Investigación.

Polo que respecta ao emprendemento e a valorización de resultados mantéñense os seguintes obxectivos, cun financiamento de 350.000 €:

- Impulsar á creación de spin off, cuxa normativa deberá ser obxecto de revisión en 2024, así como fomentar o rexistro de patentes. Ambos os dous son criterios de reparto no Plan de Financiamento do SUG.

- Fomentar a participación dos grupos de investigación nos programas de proba de concepto e de aceleración da transferencia.

Como novas accións prevense as seguintes:

- A finalización da participación da USC en empresas baseadas no coñecemento que consolidaron a súa situación e a creación dun inventario de recursos para o apoio ás empresas que están en fase de desenvolvemento.

- A realización dunha proba piloto para a creación dunha rede de tecnólogos.

- A posta en marcha do acelerador de transferencia en Ciencias Sociais e Humanidades, e a mellora nos procesos de difusión e comercialización das tecnoloxías.

- A identificación de novo coñecemento valorizable mediante unha nova edición do programa Ícarus.

- O impulso da creación de iniciativas multidisciplinares baseadas na tecnoloxía e na intelixencia artificial.

- O fomento do espírito emprendedor do estudantado onde se incorpora ós programas tradicionais Explorer e Argos o campus de Emprendemento.

- O desenvolvemento do novo convenio de Innovatia 8.3, destinado a introducir a perspectiva de xénero nos procesos de transferencia de coñecemento e na creación de empresas.

- A realización de convenios que favorezan o desenvolvemento de proxectos xurdidos da USC nas incubadoras, aceleradoras e nos parques industriais.

LIÑAS INSTRUMENTAIS

4. Os medios necesarios

Esta liña instrumental trata de garantir a planificación necesaria para o mantemento, adquisición e mesmo construción dos recursos materiais para manter a actividade da institución.

4.1 Cidade da Saúde

Unha vez rematados en 2023 os traballos de redacción do proxecto de execución do novo centro de Ciencias da Saúde no primeiro trimestre de 2024 licitarase a primeira fase das obras. Nesta fase, que ten por obxectivo cubrir as necesidades docentes dos estudos de Farmacia, coa construción da maior parte das aulas do centro, a biblioteca e a sala de lectura, despachos e salas de traballo para o profesorado, área de goberno e administración e máis o edificio de laboratorios de prácticas de Farmacia, ademais de instalacións básicas e espazos de circulación e servizo. Existirá tamén, un compromiso para adecuar o proxecto básico de execución as necesidades reais presentes e futuras do PDI, PAS e estudantado da Facultade de Farmacia, antes do comezo das obras. Estímase que as obras poderán comezar a mediados de 2024 cun prazo máximo previsto de 16 meses e un orzamento de execución material de edificación e equipamento para a primeira fase de 24.500.000 €, dos que 3.700.000 € deben executarse no 2024.

A USC obtivo financiamento a través do Plan de investimentos do SUG que garante a licitación e o inicio da construción en 2024. Porén, é preciso completar o financiamento para as seguintes anualidades polo que se realizaron contactos cos grupos políticos con representación no Parlamento de Galicia así como coa Xunta para acadar un compromiso para as anualidades 2025 e 2026 no entendemento de que a construción do edificio de Farmacia é unha das prioridades da Universidade pero tamén da Xunta e da sociedade galega pois é a única titulación de Farmacia que se imparte no Sistema Universitario de Galicia.

As actuacións no novo centro complétanse con intervencións de menor magnitude no edificio antigo de Farmacia para acoller usos de investigación mentres non están dispoñibles as instalacións no novo edificio.

No que respecta á reforma integral da sede da Facultade de Medicina e Odontoloxía, licitarase no primeiro trimestre do ano a primeira fase, que afectará ao volume da entrada principal do inmovible. Esta primeira fase introduce novas aulas de gran capacidade ademais dun espazo dedicado a aulas de simulación. Estes novos espazos docentes, ademais de aumentar a capacidade do centro para acoller novo estudantado, permitirá reformar o resto de aulas en fases posteriores sen interromper a actividade docente do centro. Prevese que comecen os traballos no verán de 2024, cun prazo máximo de execución de 27 meses e un orzamento de execución material previsto en proxecto de 8.000.000, dos que 800.000 € corresponden ao ano 2024. Preto da metade do orzamento procede do financiamento do Ministerio de Sanidade condicionado á ampliación de prazas de inicio que se materializou no curso 2023-2024 e que ascende en total a 4,06 millóns de euros a investir ata finais de 2025.

4.2 Rehabilitación de edificios do Plan de Infraestruturas

No 2024 continuarase coa primeira fase da reforma integral da Facultade de Química, adxudicada no último trimestre de 2023 por un importe de case 3,9 millóns de euros e que debe rematar en novembro de 2024. Nesta fase reformarase parcialmente a cuberta para renovala e acoller o equipamento de instalacións e completarase o traslado dos laboratorios de docencia ao semisoto, concentrando nesta en planta os usos da docencia de laboratorio. No 2024 licitarase a redacción do resto das fases do proxecto de execución.

No que respecta á ampliación e reforma do complexo docente de Lugo para acoller á Facultade de Formación de Profesorado, en 2024 continuarase coa redacción do proxecto de execución e, en función dos compromisos orzamentarios que se concreten coas institucións financiadoras, licitaranse os traballos de obra no último trimestre de 2024.

Finalmente, publicarase o concurso de ideas para a ampliación do edificio de Ciencias da Educación do campus sur, co obxecto de acoller os usos que agora se localizan no edificio da avenida de Xoán XXIII e mais comezaranse os traballos de redacción da adaptación do Plan Especial PE-8 do PXOM da cidade de Santiago de Compostela para adaptalo ás necesidades actuais e futuras da USC.

4.3 Proxección social e Espazos USC

En 2024 realizaranse os traballos de reforma do Observatorio Astronómico Ramón María Aller, instalación senlleira da USC tanto desde o punto de vista científico como de divulgación científica. A reforma, que potencia ambas dimensións, comezou a executarse en 2023 mais o groso dos traballos realizaranse en 2024 e 2025. No 2024 investiranse 250.000 euros acadados mediante a colaboración institucional coa Xunta de Galicia. Na mesma liña de potenciar as instalacións nas que se realizan actividades de divulgación, investiranse máis de 120.000 euros ao longo do exercicio.

No que se refire ás instalacións deportivas, completárase a renovación das pistas de tenis, mellorando os vestiarios, e realizaranse melloras puntuais no estadio de atletismo. As instalacións deportivas precisan dun mantemento e renovación que pola falta de recursos non sempre foi ben atendida. No 2024 redactarase un Plan director para a renovación das infraestruturas, priorizando as que teñen máis dificultades para o seu aproveitamento no estado actual, en particular, é fundamental a renovación e mellora do Pavillón polideportivo. Estas últimas intervencións supoñen un esforzo económico moi importante e, dado que son instalacións de uso compartido con outras institucións, procurárase a implicación das institucións da contorna para a súa execución.

Durante o ano 2023 redactouse o proxecto de renovación do auditorio universitario, co obxecto de convertelo nun espazo polivalente para actividades culturais, deportivas e institucionais e comezáronse os contactos para buscar financiamento para a execución da obra. Estes contactos deben proseguir en 2024 de cara a licitar a actuación.

No que se refire á reforma de espazos singulares, redactarase o proxecto de reforma do Pavillón Estudantil, na mesma liña de renovación que a executada na área administrativa do edificio Intercentros do campus de Lugo. Así mesmo, comezarán as obras de renovación da cafetería de Xeografía e Historia e licitarase a renovación da unidade de xestión do centro e departamentos da Facultade de Matemáticas.

A universidade continuará tamén cos investimentos no mantemento de vías, beirarrúas, sumidoiros e demais elementos de infraestrutura dos campus, cunha dotación de 500.000 euros no 2024, esixindo de forma urxente ao resto de institucións responsables a asunción das súas obrigas, especialmente no Campus Sur, de acordo coa proposta aprobada en sesión ordinaria do Claustro Universitario o 12 de maio de 2023, tendo en conta, tamén, o uso que a propia cidadanía fai do mesmo Campus.

Finalmente, dentro da proxección social manterase o foco na mellora da comunicación interna e externa e na consolidación de marca da USC. Destaca, en relación coa comunicación interna, un cambio de estratexia que coloque ao usuario ao mando, traballando en mecanismos que permitan aos usuarios membros dos colectivos que compoñen a comunidade universitaria personalizar a información que reciben podendo decidir un maior ou un menor nivel de especificidade.

Así mesmo, en 2024 presentarase o Plan Estratéxico de Comunicación, unha vez rematados os traballos de renovación da web institucional e despois de traballar na dotación de ferramentas de comunicación que permiten a execución dun plan estratéxico rigoroso e ambicioso. En liña co anterior, presentarase o Manual Institucional de Uso de Canles Sociais co obxectivo de normalizar a creación, uso e xestión de perfís oficiais en plataformas sociais que representan a USC e o Manual de Imaxe Corporativa adecuado á nova estética e necesidades funcionais de aplicación da imaxe institucional.

4.4 Mobilidade sustentable

Unha vez iniciadas as actuacións previstas en 2023, as actuacións para o vindeiro exercicio estarán orientadas a conseguir unha mobilidade sustentable en colaboración coas institucións que teñen competencias neste eido.

A colaboración co Concello de Santiago de Compostela permitirá, de frutificar, continuar coa posta marcha do programa de vías ciclables e ampliar as paradas instaladas en 2023, avaliando o programa piloto de seis meses comezado no último trimestre deste ano e incluíndo a extensión do programa nas medidas que se discutirán no marco do protocolo de colaboración co Concello.

4.5 Colaboración cos centros

Durante o 2024 continuaranse os investimentos en infraestruturas docentes básicas, cofinanciadas cos centros. A maioría destas iniciativas, ademais de aumentar a funcionalidade dos espazos, están aliñadas cos obxectivos de aforro e eficiencia enerxética establecidos no Plan de Estratexia Enerxética da USC.

Durante este exercicio investiranse máis de 1,5 millóns de euros na reforma das aulas e actualización das instalacións de renovación e climatización de dous pavillóns docentes da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría, na primeira fase de reforma de espazos docentes da Facultade de Física, na renovación de carpinterías na Facultade de Ciencias, da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría e da Facultade de Veterinaria, na impermeabilización da fachada leste da Facultade de Xeografía e Historia, na reforma de aulas de informática da Facultade de Matemáticas, na mellora da accesibilidade na biblioteca da Facultade de Filoxía e na renovación da fontanería da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.

4.6 Aforro e eficiencia enerxética, implantación do plan de estratexia enerxética

A USC realizou un importante esforzo de planificación, organización e investimento desde o ano 2018 no que respecta á dimensión enerxética das súas instalacións. O Plan de Estratexia Enerxética, aprobado en setembro de 2022, deu un impulso novo a estas iniciativas e introduciu unha planificación de medidas a curto, medio e longo prazo. Durante o 2024 continuaremos avanzando

na súa concreción. A continuación descríbense as máis relevantes en termos de investimento e esforzo.

No que respecta á climatización dos edificios, durante o 2024 licitarase a construción da nova central de biomasa e rede de distribución de calor para o campus de Lugo, proxecto apoiado polo IDAE con 2,4 millóns de euros e que debe estar operativo antes do 30 de outubro de 2025. Esta rede permitirá subministrar calor a todos os edificios do campus de Lugo dun xeito eficiente e empregando exclusivamente fontes de enerxía renovables. Á espera da resolución da convocatoria de axudas para instalacións térmicas renovables do INEGA, está preparada a licitación dunha central de biomasa e rede de calor para os edificios Vivendas dos Funcionarios, actualmente dedicado a usos de administración e servizos, e Chalés dos Funcionarios, futuro centro de investigación en ciencias sociais e humanidades. O orzamento desta intervención é de 300.000 euros. Na mesma convocatoria están presentadas novas instalacións que combinan aerotermia e xeotermia para renovar as caldeiras de gasóleo da Casa da Balconada e dos colexios de Fonseca e San Xerome.

A produción de enerxía eléctrica con instalacións propias incrementouse notablemente en 2023, con nove instalacións fotovoltaicas novas que fornecen unha potencia pico de case 1 MW. En función da dispoñibilidade orzamentaria do INEGA, en 2024 están previsto licitar novas instalacións na Escola Técnica Superior de Enxeñaría, no edificio de Intelixencia Artificial, nas facultades de Administración e Dirección de Empresas, Ciencias Económicas e Empresariais, Ciencias Políticas e Sociais, Filoloxía e Psicoloxía ademais do Instituto de Materiais. Estas novas fotovoltaicas contribuirán con outro MW de potencia pico á instalación da USC.

No que respecta á redución do consumo, continuarase co programa de renovación da iluminación, substituíndo sistemas antigos por luminarias LED. Neste programa, que se executa en colaboración cos centros, estímase que se investirán 500.000 euros en 2024.

Ademais da redución do consumo por aumento de eficiencia das instalacións, prevense introducir instrumentos para incrementar a eficacia da xestión e a identificación de oportunidades de optimización e mellora. Despois do éxito do programa piloto de implantación de medidores de consumo de enerxía eléctrica, calorífica e subministro de auga, no 2024 licitarase e executarase a instalación de medidores de enerxía eléctrica e auga en todos os centros e a súa integración na plataforma de medición e control centralizada, quedando para 2025 a instalación en integración dos medidores de enerxía calorífica. Así mesmo, porase en marcha o novo contrato de mantemento e xestión enerxética, licitado no último trimestre de 2024.

5. A transformación dixital

Esta liña é unha das máis importante pola súa transversalidade e polo impacto que vai ter sobre a mellora da prestación dos servizos á comunidade universitaria, acorde co Eixe 7 da Programación Plurianual 2023-2026: “A USC na Era da Transformación Dixital”. A previsión orzamentaria inicial é de 1.500.000 €.

A transformación dos procesos e dixitalización dos diversos procesos da xestión universitaria é unha das pezas claves na evolución da transformación dixital das universidades orientados a optimizar os servizos que presta. Os epígrafes que se van abordar de xeito relevante no ano 2024 son:

- A integración en Xumco, a ferramenta de xestión económica e orzamentaria da Xunta de Galicia.
- Evolución de Xescampus, especialmente nos procedementos que afectan ao estudantado.
- Implantación módulo para a xestión de persoal investigador de Universitas XXI.
- Implantación do Boletín Oficial da USC.

Logo do impulso realizado durante os anos 2022 e 2023 cómpre manter un programa de desenvolvemento de software e hardware corporativo de carácter docente, mantendo sempre os principios da economía circular:

- Licenzas multicampus do software con rendemento masivo polo estudiantado, que permita o seu tanto dende dentro dos espazos da universidade como dende os espazos de alleos á mesma.
- Manter a renovación de equipamento informático en colaboración cos Centros.
- O impulso continuo na mellora e mantemento da rede de datos, cableado, servidores e outros sistemas.
- O desenvolvemento da web propia (extranet e intranet) así como o hardware de cartelería dixital.

Esta maior dixitalización da comunidade universitaria tamén requirirá reforzar o CAU para atender unha media de 45.000 incidencias anuais, de xeito específico as cuestións de ciberseguridade.

Na liña de potenciar os mecanismos dixitais da xestión documental cómpre:

- Dotación dun xestor documental como elemento central do arquivo dixital.
- Ferramenta de xestión específica na xestión e rexistro de convenios e protocolos xerais de actuación.
- Programa piloto dunha xestión integral do arquivo dixital na Área de Xestión de Persoal, seguindo o Esquema Nacional de Interoperabilidade. De xeito específico a incorporación da USC ao proxecto NISUE.
- Mellor da calidade da prestación de servizos do Arquivo Histórico á comunidade universitaria.
- Configurar unha imaxe de marca en Edicións USC, ademais de integrar o fluxo de traballo completo da xestión de monografías no sistema dixital OMP (LibUSC) no sistema XMLJATS.

Por último, no eido da seguridade da información as accións principais estarán encamiñadas a:

- Recuncar na certificación no Esquema Nacional de Seguridade como consecuencia das modificacións normativas introducidas nesta materia polo Real Decreto 311/2022, de 3 de maio, polo que se regula o ENS.
- Desenvolver o proxecto PROTDAT, que ten como obxectivo atinxir unha ferramenta informática para facilitar a xestión dos procedementos de protección de datos e seguridade.

6. A colaboración institucional

A colaboración institucional, como xa se mencionou ao longo do texto, coas institucións da contorna máis próxima permitiunos compartir e mellorar os espazos polo que continúa sendo, máis que unha prioridade, un criterio de actuación para a Universidade.

A USC agarda que o 2024 sexa o ano no que a colaboración co Concello de Santiago de Compostela permita a colaboración leal entre as dúas institucións e a optimización dos recursos tendo en conta que moitos deles son compartidos. A integración da USC na cidade é unha evidencia que nos debe levar a buscar os puntos en común e desbotar as diferenzas. No momento de redacción destas liñas tiveron lugar dúas reunións nas que se avanzou na redacción dun novo marco de relacións entre as dúas institucións.

No Campus de Lugo a relación máis intensa é, sen dúbida, a que se mantén coa Deputación. A implicación desta institución nas actuacións que teñen que ver co Campus e co desenvolvemento de titulacións como Veterinaria é unha fortaleza que dá proxección ás dúas institucións.

Pola súa banda, co Concello de Lugo desenvólvense importantes actuacións no eido cultural e participa, así mesmo, na Fundación Rof Codina, unha fundación sen a que non sería posible garantir a formación de excelencia do estudiantado de Veterinaria. Así mesmo, a colaboración que permitiu a asunción da xestión

do Museo Domus do Mitreo por parte da Universidade continuará para a súa mellora, solucionando os problemas derivados do seu mantemento nunha zona de valor arqueolóxico e cultural incalculable como é a Muralla Romana.

Para o ano 2024 a USC agarda que se poda materializar a ampliación do Complexo Docente no Campus de Lugo coa colaboración da Deputación de Lugo e, así mesmo, agárdase a renovación do convenio que permite que os nosos estudantes realicen prácticas nas instalacións da Granxa Gayoso Castro.

O proxecto da Cidade da Saúde precisa tamén da colaboración institucional. O primeiro paso foi acadar o Plan de Investimentos do SUG no marco da negociación do Plan de Financiamento 2022-2026 pero non é suficiente. A Universidade non podería levar adiante este proxecto sen a colaboración das institucións implicadas, singularmente Sanidade, Educación e Facenda.

Así mesmo, durante o 2023 fixéronse contactos con Facenda e o INEGA que agardamos que permitan continuar cos proxectos de eficiencia enerxética e, singularmente, coa renovación das envolventes.

Continuará tamén a colaboración da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, permitindo que dispoñamos de financiamento para o reforzo do persoal de apoio á investigación, necesario para a consolidación das estruturas, e para diferentes actuacións para mellorar os recursos e as estruturas de investigación e de docencia, e fomentar a divulgación cara á sociedade.

Continuando co traballo da Comisión de patrimonio dos campus, durante o 2024 realizarase un inventario do patrimonio histórico, natural e urbano que catalogue os bens materiais e inmateriais dos campus da USC e mais introduza medidas e recomendacións para a súa conservación e posta en valor. Prevese un investimento de 30.000 euros nestas actividades mais para a posta en marcha efectiva das medidas incluídas no inventario será necesaria a colaboración dos organismos competentes da Xunta de Galicia e mais do concello e Consorcio de Santiago de Compostela. No caso do concello, estas iniciativas incluíranse no

marco do protocolo de colaboración e futuros convenios que se asinen nese contexto.

No relativo aos Fondos Next Generation UE, como xa se comentou, desenvolverase o Proxecto Nós, liderado pola USC, co Instituto de Lingua Galega (ILG) e o Centro de investigación de Tecnoloxías Intelixentes (CiTIUS) á cabeza, e co apoio da Xunta de Galicia e Amtega.

VINCULACIÓN COS EIXES ESTRATÉXICOS DA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL 2023-2026

Traballando cunha visión integradora, cómpre relacionar as liñas estratéxicas e instrumentais previstas para o seguinte ano cunha planificación a medio prazo, que contén neste caso a Programación Plurianual 2023-2026. De seguido, recóllese esa vinculación:

Eixes da PP 2023-2026	Liñas estratéxicas	Liñas instrumentais
1.O estudiantado e a comunidade universitaria	1. As persoas	4. Os medios necesarios 5. A transformación dixital 6. A colaboración institucional
2.A formación e a docencia no novo contexto	1. As persoas 2. A docencia	
3.Os retos na política de persoal	1. As persoas	
4.A investigación e innovación como motor de desenvolvemento	3. A investigación	
5.A senda da internacionalización	1. As persoas 2. A docencia	
6.Na procura de infraestruturas ecoeficientes		
7.A USC na era da transformación dixital		
8.A xestión eficiente dos recursos		

RESUMO XERAL DOS ORZAMENTOS

Na seguinte táboa preséntanse os estados numéricos dos orzamentos 2024 de acordo coa clasificación económica por capítulos:

INGRESOS

CAPÍTULO		AFECTADO	NON AFECTADO	TOTAL
III	Prezos públicos e outros ingresos	-	35.509.000	35.509.000
IV	Transferencias correntes	4.398.021	155.863.576	160.261.597
V	Ingresos patrimoniais	-	727.000	727.000
VI	Alleamento investimentos reais	-	-	-
VII	Transferencias de capital	76.947.087	35.399.049	112.346.136
	TOTAL NON FINANCEIRO	81.345.108	227.498.625	308.843.733
VIII	Activos financeiros	-	-	-
IX	Pasivos financeiros	5.035.680	559.520	5.595.200
	TOTAL FINANCEIRO	5.035.680	559.520	5.595.200
	TOTAL	86.380.788	228.058.145	314.438.933

GASTOS

CAPÍTULO		AFECTADO	NON AFECTADO	TOTAL
I	Gastos de persoal	-	177.243.000	177.243.000
II	Gastos correntes	805.000	31.474.396	32.279.396
III	Gastos financeiros	-	825.000	825.000
IV	Transferencias correntes	2.020.000	2.501.505	4.521.505
V	Fondo continxencia	-	750.000	750.000
VI	Investimentos reais	74.489.594	12.863.771	87.353.365
VII	Transferencias de capital	-	-	-
	TOTAL NON FINANCEIRO	77.314.594	225.657.671	302.972.266
VIII	Activos financeiros	-	-	-
IX	Pasivos financeiros	9.066.194	2.400.474	11.466.668
	TOTAL FINANCEIRO	9.066.194	2.400.474	11.466.668
	TOTAL	86.380.788	228.058.145	314.438.933

O incremento con respecto ao ano 2023 é do 9,22%, superior ao que se produce no Plan Galego de Financiamento Universitario, que acada o 4,6% no conxunto do fondos que o compoñen.

Isto significa que, un ano máis, a Universidade é quen de conseguir máis recursos fóra do PGFU, que actúa como garante de certa estabilidade pero que non é suficiente para acometer políticas que melloren a institución.

Evolución de orzamentos iniciais no período 2017-2024

ORZAMENTO DE INGRESOS

CAPÍTULO		2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
III	Prezos públicos e outros ingresos	34.926.820	34.967.870	35.090.000	35.765.000	34.496.500	34.798.500	34.811.500	35.509.000
IV	Transferencias correntes	136.475.185	134.663.401	139.143.140	142.552.774	144.830.260	150.624.760	155.576.177	160.261.597
V	Ingresos patrimoniais	317.000	383.357	487.000	596.200	475.000	620.000	669.600	727.000
	CORRENTES	171.719.005	170.014.628	174.720.140	178.913.974	179.801.760	186.043.260	191.057.277	196.497.597
VI	Alleamento investimentos reais	-	-	1.079.340	2.850.000	2.850.000	-	-	-
VII	Transferencias de capital	48.623.918	56.649.959	63.026.200	66.970.515	77.080.540	88.918.815	96.833.322	112.346.136
	CAPITAL	48.623.918	56.649.959	64.105.540	69.820.515	79.930.540	88.918.815	96.833.322	112.346.136
	TOTAL NON FINANCEIRO	220.342.923	226.664.587	238.825.680	248.734.489	259.732.300	274.962.075	287.890.599	308.843.733
VIII	Activos financeiros	-	-	-	-	-	-	-	-
IX	Pasivos financeiros	4.767.730	5.900.000	5.847.000	5.530.000	2.730.000	-	-	5.595.200
	TOTAL FINANCEIRO	4.767.730	5.900.000	5.847.000	5.530.000	2.730.000	-	-	5.595.200
	TOTAL	225.110.653	232.564.587	244.672.680	254.264.489	262.462.300	274.962.075	287.890.599	314.438.933

ORZAMENTO DE GASTOS

CAPÍTULO		2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
I	Gastos de persoal	144.322.240	144.813.865	151.246.700	157.535.450	157.971.000	163.025.000	169.167.247	177.243.000
II	Gastos correntes	24.462.959	25.759.611	26.742.065	27.287.838	26.830.665	27.697.270	32.238.744	32.279.396
III	Gastos financeiros	787.011	400.000	490.470	565.000	550.000	625.000	795.000	825.000
IV	Transferencias correntes	1.884.071	1.733.580	1.733.580	2.087.496	3.768.290	3.999.625	4.299.625	4.521.505
	CORRENTES	171.456.281	172.707.056	180.212.815	187.475.784	189.119.955	195.346.895	206.500.616	214.868.900
V	Fondo continxencia	350.000	50.000	1.500.000	500.000	750.000	750.000	750.000	750.000
VI	Investimentos reais	47.950.648	55.211.425	60.122.220	62.348.705	69.492.345	76.240.180	78.014.983	87.353.365
VII	Transferencias de capital	-	-	-	-	-	-	-	-
	CAPITAL	47.950.648	55.211.425	60.122.220	62.348.705	69.492.345	76.240.180	78.014.983	87.353.365
	TOTAL NON FINANCEIRO	219.756.929	227.968.481	241.835.035	250.324.489	259.362.300	272.337.075	285.265.599	302.972.265
VIII	Activos financeiros	500.000	-	-	-	-	-	-	-
IX	Pasivos financeiros	4.650.090	4.596.106	2.837.645	3.940.000	3.100.000	2.625.000	2.625.000	11.466.668
	TOTAL FINANCEIRO	5.150.090	4.596.106	2.837.645	3.940.000	3.100.000	2.625.000	2.625.000	11.466.668
	TOTAL	224.907.019	232.564.587	244.672.680	254.264.489	262.462.300	274.962.075	287.890.599	314.438.933

Analizamos agora o incremento por capítulos de ingreso e gasto con respecto ao ano anterior.

No relativo aos ingresos, as variacións son as que se presentan a continuación:

Capítulo	2023	2024	% 2023-2024
III. Prezos públicos e outros ingresos	34.811.500	35.509.000	2,00%
IV. Transferencias correntes	155.576.177	160.261.597	3,01%
V. Ingresos patrimoniais	669.600	727.000	8,57%
Ingresos correntes	191.057.277	196.497.597	2,85%
VI. Alleamento de investimentos reais	-	-	-
VII. Transferencias de Capital	96.833.322	112.346.136	16,02%
Ingresos capital	96.833.322	112.346.136	16,02%
Ingresos non financeiros	287.890.599	308.843.733	7,28%
VIII. Variación activos financeiros	-	-	-
IX. Variación de pasivos financeiros	-	5.595.200-	-
Ingresos financeiros	-	-	-
Totais	287.890.599	314.438.933	9,22%

Analizando cada capítulo pódese destacar o seguinte:

- O capítulo III mantense nos termos do ano anterior, tanto nos ingresos por matrícula como nos relativos á prestación de servizos, entre os que figuran os relativos ás residencias universitarias e que non foron obxecto de incremento.
- O capítulo IV experimenta unha subida froito do incremento da transferencia do Plan Galego de Financiamento Universitario prevista para o ano 2024 segundo a evolución anual dos fondos prevista nel.
- O capítulo V experimenta unha subida derivada da actualización dos canons ás concesionarias e dos alugueiros.
- O capítulo VII experimenta a maior subida do orzamento. Ademais dos ingresos do PGFU para investimento, este capítulo contén os ingresos previstos de convocatorias competitivas de I+D+i no ámbito autonómico, nacional e internacional. A maiores, neste capítulo incorpórase de xeito extraordinario a contía prevista para o Plan de Infraestruturas prevista nos orzamentos da Xunta de Galicia e a contía asignada á USC a través do PERTE Nova economía das linguas.

Canto aos gastos, a comparativa co ano 2023 reflicte as seguintes variacións:

Capítulo	2023	2024	% 2023-2024
I. Gastos de persoal	169.167.247	177.243.000	4,77%
II. Gastos en bens correntes e servizos	32.238.744	32.279.396	0,13%
III. Gastos financeiros	795.000	825.000	3,77%
IV. Transferencias correntes	4.299.625	4.521.505	5,16%
Gastos correntes	206.500.616	214.868.901	4,05%
V. Fondo de continxencia e imprevistos	750.000	750.000	0,00%
VI. Investimentos reais	78.014.983	87.353.365	11,97%
VII. Transferencias de capital	-	-	-
Gastos de capital	78.014.983	87.353.365	11,97%
Gastos non financeiros	285.265.599	302.972.265	6,21%
VIII. Variación de activos financeiros	-	-	-
IX. Variación de pasivos financeiros	2.625.000	11.466.668	336,83%
Gastos financeiros	2.625.000	2.625.000	0,00%
Totais	287.890.599	314.438.933	9,22%

Por capítulos, destacamos o seguinte:

- O incremento de gasto recollido en capítulo I vén motivado por varios factores: o incremento retributivo previsto para 2024, un 2% sobre o conxunto de retribucións; o avance na carreira horizontal de PAS coa consolación do 100% do grao I; a dotación de postos de persoal PDI para a súa adaptación á Lei Orgánica do Sistema Universitario. Cómpre destacar que o incremento adicional do conxunto das retribucións nun 0.5% non está adecuadamente cuberto no Plan Galego de Financiamento Universitario; así como o aumento no custo da seguridade social producido, tanto polo incremento nas bases máximas, como pola introdución do Mecanismos de Equidade Interxeneracional e a repercusión do incremento dos gastos en concepto de sexenios e méritos autonómicos.
- No capítulo II que recolle os gastos de funcionamento non se produce unha variación significativa dado que os incrementos dos importes dos contratos derivados da subida no custo dos materiais, por mor do incremento do IPC, e do custo do persoal, derivado das actualizacións de diversos convenios colectivos do persoal de varios sectores, estase a compensar coa continuidade das medidas de eficiencia enerxética. Neste senso, para o ano 2024 está prevista a contratación do servizo de xestión enerxética integral das instalacións dos edificios da USC.

- No capítulo III hai un lixeiro incremento derivado dos tipos de xuro da débeda pendente.
- No capítulo IV o incremento deriva do maior gasto en bolsas, principalmente das axudas de manutención destinadas ao estudiantado en situación de vulnerabilidade.
- O capítulo VI prevé un incremento de gasto derivado da captación de recursos de investigación, principalmente de fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), do Plan de Investimentos do SUG e da subvención do Ministerio de Sanidade para o incremento de prazas no Grao en Medicina.
- O capítulo IX inclúe a amortización de débeda prevista e a execución de fondos MRR derivado de ingresos recollidos no capítulo IX do exercicio 2023.

Por último, recóllese o resumo das principais actuacións para o 2024:

Liña	Actuación	Dotación
	Axudas ao estudantado en situación de vulnerabilidade [8075-3914-48000]	720.000 €
As persoas	Plan de Proxección Social [8043-4200-22900 - 8043-4017-22900 - 8043-4203-22900]	244.250 €
	O persoal [8075-3000-12204 – 8075-3000-12251 – 8075-2400-64000]	2.250.000 €
	A comunidade universitaria e a cidadanía [8304-3028-22000 - 8051-3051-22602 - 8305-4401-22900 e- 8305-4401-62600]	383.000 €
A docencia	Accións de mellora docente [8052-1200-25000 - 8052-3200-22609]	250.000 €
	Acción de internacionalización [8052-3307-22600]	660.000 €
A investigación	Reestruturación e programa propio de investigación [8050-2000-64600]	350.000 €
	Ciencia aberta e mellora da biblioteca [8051-3100-22*]	116.000 €
	Impulso á transferencia do coñecemento [8303-2801-64500]	350.000 €
	Xestión da investigación [8051-3590-64500 - 8075-3501-64600]	2.015.000 €
Os medios necesarios	Cidade da Saúde [8075-300A-63000]	4.500.000 €
	Rehabilitación de edificios do Plan de Infraestruturas [8075-300A-6300]	3.900.000 €
	Proxección social e Espazos USC [8075-3501-64600]	970.000 €
	Colaboración cos centros [8075-3500-63000]	1.500.000 €
A transformación dixital	Aforro e eficiencia enerxética [8050-6510-64100]	3.200.000 €
	Transformación dixital e mellora das ferramentas de xestión [8051-3004-20600 - 8051-3004-21500 – 8051-3004-22700]	1.500.000 €
A colaboración institucional	Convenio interadministrativo coa Deputación de Lugo para accións de mellora no Campus de Lugo [8075-311A-64500]	370.500 €
	Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades para reforzo de persoal de xestión da transferencia e a innovación e a consolidación de estruturas de investigación [8050-3510-64100]	1.894.850 €
	Convenio interadministrativo coa Deputación de Lugo para o traslado da Facultade de Formación do Profesorado [8075-300A-63000]	120.000 €

II. BASES DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA PARA O 2024

A xestión do orzamento da Universidade para o exercicio 2024, tanto polo que se refire aos dereitos ou ingresos como ás obrigas ou gastos, realizarase de acordo co previsto nestas bases de execución e segundo o disposto no Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, así como polas seguintes normas:

- Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema universitario.
- Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- Real decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.
- Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. BOE núm. 103, de 30 de abril de 2012.
- Real decreto lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade. BOE núm. 168, do 14 de xullo de 2012.
- Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobada polo Decreto legislativo 1/1999, de 7 de outubro.
- Lei 2/2011, de 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

- Resolución do 17 de decembro de 2021, da Secretaría Xeral de Universidades, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de decembro de 2021 polo que se aproba o Plan galego de financiamento universitario 2022-2026.
- Regulamento de xestión orzamentaria da USC, aprobado polo Consello de Goberno o 29 de decembro de 2020, modificado por acordo do Consello de Goberno do 22 de xullo de 2022, e do Consello Social do 28 de xullo de 2022.
- Regulamento de indemnizacións por razón do servizo, aprobado no Consello de Goberno do 29 de decembro de 2020.

O Regulamento de xestión orzamentaria da USC (en diante, o Regulamento) establece no artigo 35 a necesidade de realizar unha planificación previa das actividades precisas para a consecución dos obxectivos fixados, de forma que se garanta a execución eficiente dos créditos do orzamento no exercicio, e o cumprimento dos prazos marcados polo ciclo orzamentario.

Atendendo á premisa recollida nese artigo teranse en conta as seguintes bases normativas:

Artigo 1. *Definición e contido*

1. Os orzamento da Universidade de Santiago de Compostela (en diante, o orzamento) constitúe a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que como máximo pode recoñecer e dos dereitos que se prevén liquidar durante o exercicio orzamentario.

2. Nos estados de ingresos do orzamento recóllense as estimacións dos dereitos recoñecidos que se prevén liquidar durante o exercicio por importe de 314.438.933 euros, distribuídos da seguinte forma:

INGRESOS

CAPÍTULO		AFECTADO	NON AFECTADO	TOTAL
III	Prezos públicos e outros ingresos	-	35.509.000	35.509.000
IV	Transferencias correntes	4.398.021	155.863.576	160.261.597
V	Ingresos patrimoniais	-	727.000	727.000
VI	Alleamento investimentos reais	-	-	-
VII	Transferencias de capital	76.947.087	35.399.049	112.346.136
	TOTAL NON FINANCEIRO	81.345.108	227.498.625	308.843.733
VIII	Activos financeiros	-	-	-
IX	Pasivos financeiros	5.035.680	559.520	5.595.200
	TOTAL FINANCEIRO	5.035.680	559.520	5.595.200
	TOTAL	86.380.788	228.058.145	314.438.933

3. Nos estados de gastos do orzamento consígnanse créditos por importe de 314.438.933 euros, distribuídos da seguinte forma:

GASTOS

CAPÍTULO		AFECTADO	NON AFECTADO	TOTAL
I	Gastos de persoal	-	177.243.000	177.243.000
II	Gastos correntes	805.000	31.474.396	32.279.396
III	Gastos financeiros	-	825.000	825.000
IV	Transferencias correntes	2.020.000	2.501.505	4.521.505
V	Fondo continxencia	-	750.000	750.000
VI	Investimentos reais	74.489.594	12.863.771	87.353.365
VII	Transferencias de capital	-	-	-
	TOTAL NON FINANCEIRO	77.314.594	225.657.671	302.972.266
VIII	Activos financeiros	-	-	-
IX	Pasivos financeiros	9.066.194	2.400.474	11.466.668
	TOTAL FINANCEIRO	9.066.194	2.400.474	11.466.668
	TOTAL	86.380.788	228.058.145	314.438.933

4. Canto aos orzamentos dos entes instrumentais da USC ascenden a un importe total de 21.959.701,52 euros coa seguinte desagregación:

Entidade	Orzamento 2023	Orzamento 2024
Consortio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia	5.878.062	7.252.228,59
Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia	1.417.553,30	1.559.308,63
Fundación Dieta Atlántica	3.660	7.210,00
Fundación Rof Codina	-	2.692.571,86
Fundación Universidade de Santiago de Compostela	8.202.987	9.245.124,05
Cursos Internacionais USC*	957.445,56	1.203.258,39
Total	16.459.707,86	21.959.701,52

*Pendente de aprobación

Artigo 2. Vinculación dos créditos

1. Os créditos que figuran no orzamento de gastos asignados a centros ou unidades orgánicas terán a vinculación que se indica no artigo 23 do Regulamento, coas seguintes características adicionais:

a) Logo da aprobación da Xerencia, poderán desagregarse os créditos mantendo o nivel de vinculación necesario para ofrecer información coherente cos condicionamentos do financiamento e coas particularidades da dedución de IVE en función da natureza do gasto.

b) Os créditos destinados a gastos de persoal, terán vinculación a nivel de capítulo, agás o artigo 15 (incentivos ao rendemento e gratificacións), que mantén a súa vinculación a nivel de artigo e as partidas orzamentarias que dan soporte ás contratacións de persoal de programa temporais e acumulación de tarefas, no caso de PAS, e de substitucións por redución de docencia, incapacidade temporal e servizos especiais, no caso de PDI; estas partidas terán a vinculación definida a nivel de subconcepto. Tamén terán a vinculación a nivel de subconcepto as partidas do Plan de Persoal e Accións de Mellora de capítulo I.

Artigo 3. Modificacións e redistribucións de crédito

1. As modificacións de crédito, reguladas na sección 2ª do capítulo V do Regulamento, esixirán unha proposta motivada da variación que se efectúe e deberá valorarse a incidencia que poida ter, de ser o caso, na consecución dos obxectivos fixados no momento da aprobación do orzamento.

2. De acordo coa natureza xurídica prevista no artigo 26 do Regulamento non terán a condición de modificacións as redistribucións de crédito, autorizadas polo reitor, entendidas como as transferencias que se realicen desde as partidas que teñen a consideración de fondos para dotar de crédito ás partidas para a realización das actividades específicas que se aproben, en particular:

- Actividades singulares de I+D: proxectos, contratos, reunións científicas, convenios e infraestruturas de investigación con financiamento externo.
- Cursos posgrao propio e actividades formativas singulares.
- Cursos de verán.
- Gastos de tribunais de teses de doutoramento.
- Concursos para a provisión de prazas.
- Prácticas de campo.
- Gastos ocasionados pola cesión temporal de espazos.

3. A autorización das modificacións de crédito axustarase ao disposto no artigo 27 do Regulamento, de conformidade coas regras establecidas nos seguintes apartados.

4. Correspóndelle ao Consello Social, por proposta do Consello de Goberno, a aprobación de:

- Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito.
- As ampliacións de crédito.
- Con carácter xeral, as transferencias de crédito entre operacións correntes e operacións de capital.

Non obstante, habilítase ao reitor para que, de xeito extraordinario, poida autorizar as transferencias de crédito que se recollen nas distintas epígrafes do citado artigo 27, parágrafo 2º, do Regulamento e aquelas referidas ao suposto de transferencias propostas no primeiro trimestre do exercicio polos centros docentes entre os créditos recibidos para gastos correntes e investimentos, de conformidade co disposto no artigo 4, así como no caso de que sexa preciso atender actuacións non previstas e inaprazables.

5. A dotación do crédito aprobado para a anualidade 2024 das actividades de investigación realizarase mediante redistribucións de crédito desde as partidas de fondos que figuran nos estados de gastos, conforme o indicado no apartado 2 deste mesmo artigo, que se corresponderán coa anualidade indicada na respectiva resolución de subvención e, no caso de contratos ou servizos, co importe facturado no exercicio.

6. As dotacións específicas para a realización dos cursos de posgrao faranse de xeito análogo ao establecido no parágrafo anterior mediante distribucións de crédito desde a partida de fondos ás partidas correspondentes de cada curso, segundo a proposta do Centro de Estudos Propios.

Artigo 4. Crédito descentralizado

1. No primeiro trimestre de 2024 os centros docentes, departamentos e outros centros remitirán á Xerencia a planificación do gasto corrente e de investimento para o exercicio, que contemplará, se fora o caso, as modificacións precisas entre os capítulos de gasto corrente e investimentos.

2. As modificacións que se soliciten fóra do período e da planificación indicada na alínea anterior deberán estar suficientemente motivadas e serán autorizadas pola Xerencia.

Artigo 5. Gastos de persoal

1. As retribucións do persoal activo ao servizo da Universidade quedan suxeitas ao que, nesta materia, dispoña a normativa da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2024.

2. Poderase xerar crédito no capítulo I para gastos de persoal con motivo da prestación de servizos financiados con prezos públicos. Os gastos deste persoal, incluídas as cotas sociais, non poderán superar os ingresos. Así mesmo, poderán xerar crédito no capítulo I os ingresos derivados do financiamento por terceiros de custos da estrutura de persoal.

3. Terán a consideración de crédito ampliable os créditos para o pagamento dos conceptos de produtividade investigadora, complementos retributivos autonómicos, complementos asistenciais SERGAS e complemento asistencial Rof Codina.

4. A Xerencia determinará os gastos de persoal que deban ser cofinanciados entre distintas partidas do orzamento e emitirá as modificacións de crédito que correspondan.

5. As axudas destinadas a financiar os seguintes gastos imputaranse con cargo á dotación que se efectúe no fondo de acción social:

a) Axudas para prezos públicos dirixidas ao persoal por servizos académicos no Sistema Universitario de Galicia

b) Medidas de apoio a traballadores que teñan ao seu cargo fillos ou fillas con discapacidade física, psíquica ou sensorial.

c) Seguros de vida, invalidez e morte.

d) Plans de pensións.

Artigo 6. Compromisos plurianuais e tramitación anticipada

1. Poderán adquirirse compromisos de gasto de carácter plurianual, aínda que a súa execución deba iniciarse no exercicio seguinte, nos tipos de gastos e coas limitacións indicadas no artigo 45 do Regulamento.

2. Os gastos plurianuais que se inicien ou que teñan vixencia no exercicio 2024 e en anos posteriores esixen a contabilización da anualidade en cadanseu exercicio, así como a súa actualización cando se produza algunha modificación respecto dos datos iniciais.

3. Poderán tramitarse anticipadamente no exercicio 2024 expedientes de gasto, con imputación no exercicio seguinte, sempre que exista crédito adecuado e suficiente nos termos e condicións previstas no artigo 46 do Regulamento.

4. En consonancia co anterior, no exercicio corrente faranse as autorizacións de crédito e os sucesivos axustes dos gastos derivados da contratación administrativa ou de persoal para os exercicios futuros, conforme sexa comunicado pola unidade administrativa correspondente.

5. Así mesmo, no exercicio 2024 actualizaranse as autorizacións de crédito polo importe dos contratos administrativos ou de persoal en vigor. O importe a consignar será o acordado para o exercicio, no caso de ser un contrato de contía fixa, e o

importe estimado, no caso de contratos de contía variable, de acordo coa información subministrada polo servizo competente.

Artigo 7. Directores e directoras de unidades de gasto

A autorización do gasto será requisito previo á súa efectividade. De non contar con ela, considerarase que o gasto non corresponde á Universidade de Santiago de Compostela, sen prexuízo das responsabilidades que se poidan derivar das actuacións realizadas.

Os responsables das unidades de gasto velarán polo estrito cumprimento do previsto no apartado anterior.

Artigo. 8. Plan de Medidas Antifraude e Prevención de Riscos de Xestión da Universidade de Santiago de Compostela

O Plan de Medidas Antifraude e Prevención de Riscos de Xestión da USC será de aplicación a todas as actuacións financiadas con fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea. Así mesmo, servirá como pauta para o resto da xestión da Universidade de Santiago de Compostela.

Artigo 9. Imputación de gastos

1. Con cargo aos créditos asignados no orzamento só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, prestacións de servizos e demais gastos en xeral que se realicen no ano natural 2024.

2. O xerente, por delegación do reitor, poderá determinar por proposta do director ou directora da unidade de gasto correspondente, a imputación a créditos do exercicio corrente de obrigas xeradas en exercicios anteriores como consecuencia de compromisos adquiridos de conformidade co ordenamento, para os que existise crédito dispoñible no exercicio de procedencia.

3. Imputaranse ao exercicio corrente sen o trámite establecido no parágrafo anterior a facturación por cargos internos, os documentos de gasto pagados con cargo á conta de anticipos a xustificar correspondentes a exercicios anteriores e as indemnizacións por razón do servizo pendentes ao peche dese exercicio, por non existir obriga con terceiros e estar só pendente de contabilización ou tratarse de gastos de persoal.

Artigo 10. *Remanentes de crédito*

1. De conformidade co establecido no artigo 33 do Regulamento, procederase á anulación daqueles créditos que no último día do exercicio orzamentario non estean comprometidos para o cumprimento de obrigas recoñecidas, salvo os supostos de incorporación previstos no parágrafo 2º dese mesmo artigo, que se refiren a gastos con financiamento afectado e á aprobación de programas propios plurianuais.
2. Poderán non obstante incorporarse adicionalmente os créditos mencionados no artigo 33.3 do Regulamento, de acordo coa posibilidade de financiamento a través do remanente non afectado de tesouraría.
3. A incorporación dos remanentes de crédito deberá ser autorizada polo reitor, e darase conta ao Consello de Goberno e ao Consello Social dos expedientes aprobados.
4. Os remanentes incorporados segundo o previsto neste artigo unicamente poderán ser aplicados dentro do exercicio no que se acorde esta incorporación.

Artigo 11. *Fondo de continxencia e outros imprevistos*

1. O crédito habilitado no capítulo V de gasto terá como finalidades prioritarias as seguintes:
 - Necesidades sobrevidas e inaprazables que comprometan o normal desenvolvemento das funcións da USC, sempre que non exista un crédito específico para atendela.
 - Posibles diminucións de financiamento para gastos producidos por diferenzas na aceptación de xustificacións de subvencións.
 - Custos financeiros derivados de reintegros de cantidades percibidas ou a devolver.
 - Custes derivados da execución de sentenzas xudiciais.
 - Circunstancias temporais de insuficiencia de recursos en programas de I+D+i.
2. Correspóndelle á Xerencia a xestión deste fondo, quen dará conta da aplicación da súa dotación ao Consello de Goberno e ao Consello Social.

3. O remanente de crédito ao final do exercicio non poderá ser obxecto de incorporación ao seguinte exercicio.

Artigo 12. *Contratación administrativa*

1. A contratación administrativa na Universidade de Santiago de Compostela realizarase de conformidade coa Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e consonte o disposto nas instrucións da Xerencia vixentes. A unidade administrativa encargada de asesorar, impulsar e xestionar a contratación administrativa na USC é o Servizo de Contratación e Patrimonio, que depende da Xerencia.

2. De acordo co previsto no artigo 118 da citada Lei, a tramitación dos expediente relativos a contratos menores reducirase aos requisitos e á documentación prevista nese artigo. Non obstante, salvo autorización expresa da Xerencia, será esixible a solicitude de tres ofertas para contratos que superen os 12.000 euros no caso de servizos e subministracións, e 25.000 euros no caso de obras.

Artigo 13. *Responsables dos contratos*

1. Terán a condición de responsables dos contratos os directores ou directoras das unidades de gasto, ou ben aquelas persoas responsables das unidades técnicas ou administrativas que propoñan a súa licitación.

2. Corresponderán ás persoas responsables dos contratos as seguintes funcións en relación cos expedientes de contratación que promovan:

a) Xustificar, mediante un informe, a necesidade de celebración do contrato, así como tramitar a correspondente proposta de gasto, que deberá estar asinada e contabilizada pola persoa responsable da unidade económica.

b) Confeccionar o anexo I do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

c) Elaborar o prego de prescricións técnicas.

d) Nos contratos que se liciten por procedemento con negociación, colaborar co Servizo de Contratación e Patrimonio na solicitude formal de ofertas aos licitadores, e desenvolver o proceso de negociación de acordo cos criterios que figuren no anexo I do PCAP.

- e) Supervisar a execución do contrato e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar a correcta realización da prestación pactada.
- f) Asinar as facturas correspondentes unha vez recibidas de conformidade, todas ou parte das obras, subministracións ou servizos contratados.
- g) Asinar a acta de recepción, unha vez comprobado que a obra, subministración ou servizo contratado está rematada definitiva e correctamente.
- h) Por en coñecemento do Servizo de Contratación e Patrimonio calquera incidencia que se produza durante o período de garantía do contrato.

3. Nos contratos de obras, a persoa responsable do contrato será, con carácter xeral, o director facultativo da obra.

4. As persoas responsables dos contratos de servizos que afecten con carácter xeral a varios centros, servizos e dependencias da Universidade, articularán un procedemento que permita o control e seguimento descentralizado do cumprimento das prestacións contratadas.

Artigo 14. Supervisión dos proxectos de obras

A función de supervisión dos proxectos de obras que vaia executar a Universidade realizarase por unha unidade de supervisión de proxectos, constituída inicialmente por unha persoa da Área de Infraestruturas con habilitación para a supervisión da viabilidade técnica dos proxectos designada pola Xerencia, e por unha persoa do Servizo de Control Interno, sen prexuízo do apoio técnico que sexa requirido para o normal desenvolvemento das súas funcións. Esta unidade será a encargada de vixiar o cumprimento das normas técnicas reguladoras da materia e do control dos aspectos económicos e de comprobación aritmética deles.

Artigo 15. Control de terceiros

1. Será esixible a xustificación documental do cumprimento dos requisitos de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica ás empresas, entidades e profesionais para seren adxudicatarios de contratos coa USC. Este requisito será substituído polo da clasificación, cando esta sexa esixible conforme o disposto na Lei 9/2017.

2. Así mesmo, deberán acreditar estaren ao día no cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, e non estaren incurso en ningunha das prohibicións de contratar previstas na lexislación de contratos públicos.

3. A USC poderá requirir a subscripción dunha póliza de responsabilidade civil por riscos profesionais cando se trate de empresas que exerzan actividades de prestación de servizos e, de ser o caso, aqueloutra documentación que xustifique estar en posesión das licencias ou autorizacións oficiais que sexan preceptivas para operar no sector de actividade de que se trate, e que veña esixida polas normas específicas que o regulen.

4. O incumprimento por parte destes empresarios dos requirimentos que se lles efectúe polos servizos competentes da Universidade, en relación coa xustificación das obrigas establecidas nos parágrafos anteriores, poderá dar lugar á apertura dun expediente contradictorio que, de ser o caso, poderá concluír coa elevación aos órganos competentes da Comunidade Autónoma e/ou do Estado, dunha proposta de incursión en prohibición de contratar coa administración.

Artigo 16. Responsabilidades das autoridades e do persoal ao servizo da USC en materia de contratación

1. A responsabilidade patrimonial das autoridades e do persoal ao servizo da Universidade derivada das súas actuacións irregulares en materia de contratación administrativa, tanto por danos causados a particulares como á propia Universidade, esixirase segundo o disposto nos artigos 36 e 37 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

2. A infracción ou aplicación indebida por parte do persoal ao servizo da USC dos preceptos contidos na vixente lexislación de contratos do sector público, así como na aplicación das presentes bases, será causa de responsabilidade disciplinaria cando exista negligencia grave debidamente probada, podendo constituír falta moi grave consonte á normativa aplicable.

Artigo 17. Tarifas

Corresponde ao Consello Social a aprobación das tarifas que a Universidade aplique pola prestación de servizos, por proposta da Xerencia, acompañada dunha

memoria económico-financeira que xustifique o importe das mesmas así como o grao de cobertura dos custos correspondentes.

As tarifas que se publiquen nos respectivos servizos deberán incorporar a referencia da data de aprobación polo Consello Social.

Artigo 18. Indemnizacións por razón do servizo

1. O Regulamento de Indemnizacións por razón do servizo, aprobado polo Consello de Goberno da USC o 29 de decembro de 2020, establece os supostos que dan dereito a abonar contías por estes conceptos con cargo ao orzamento da USC.

Para o aloxamento nas cidades de Santiago de Compostela e Lugo, darase prioridade ás residencias universitarias propias e á Casa Europa. A Xerencia pode esixir a acreditación da non dispoñibilidade de praza nas citadas dependencias para autorizar a tramitación do gasto ou a reposición de fondos.

2. O artigo 9.6 do Regulamento citado prevé que, en determinadas circunstancias, poderá elevarse o importe por aloxamento ata un 50% con respecto ao importe establecido. Para a xustificación dese incremento requirirase:

- Un informe da persoa que exerza a dirección da unidade de gasto, para incrementos de ata un 10%.
- Documentación acreditativa da imposibilidade de contratación por importe inferior para incrementos superiores ao 10%.

Permitirase a imputación do gasto por aloxamento con aplicación dos anteriores incrementos porcentuais, sempre e cando estea correctamente xustificado o dito incremento e sexa considerado como elixible por parte dos organismos financiadores para os casos de créditos afectados.

3. O pagamento das axudas de custo e locomoción terá carácter preferente.

Artigo 19. Normas en relación con gastos por atencións protocolarias, formación e outros

1. Os gastos de atencións protocolarias deben ir acompañados dunha motivación suficiente, sen prexuízo do cumprimento dos requisitos previstos para a xustificación de fondos ás entidades financiadoras.

2. En canto ás cotas por pertenza á asociacións só poderá imputarse ao orzamento da USC o gasto correspondente a cotas a título particular cando se acredite que non existe a opción de cota institucional, sen prexuízo do cumprimento dos requisitos previstos para a xustificación de fondos ás entidades financiadoras.

3. Os gastos que se abonen con cargo aos orzamentos da USC deben responder á satisfacción de necesidades públicas. En consecuencia, non se poderán pagar con cargo a partidas do orzamento da USC gastos de formación individual en cursos de verán, cursos básicos de informática, idiomas e similares.

Non obstante, poderase autorizar a imputación do gasto de formación individual nunha materia específica cando esa formación sexa necesaria para o desempeño do posto na USC. Así mesmo, poderán autorizarse este tipo de gastos en cursos de idiomas sempre e cando sexan impartidos ou xestionados polo CLM.

4. Nas retribucións correspondentes a conferencias cando se superen os 500 euros será precisa a conformidade do reitor ou órgano no que teña delegada a competencia.

5. O pagamento de retribucións por colaboracións ao Persoal de administración e servizos será autorizado pola Xerencia de conformidade coa normativa aplicable.

6. A compra de libros electrónicos con cargo ao orzamento da USC non poden limitarse a un uso unipersoal, senón que os contidos deben ser accesibles de acordo cos criterios da Biblioteca Universitaria.

Artigo 20. Gastos contratados no comercio electrónico

1. Só poderán realizarse compras de material funxible ou inventariable mediante comercio electrónico cando o provedor emita unha factura cuxo destinatario sexa a Universidade e inclúa os seus datos fiscais (NIF Q1518001A; enderezo fiscal: Rúa Nova, 6. 15782 Santiago de Compostela)

O pagamento pode facerse con tarxeta persoal sempre que se cumpran os demais requisitos e o gasto estea autorizado por quen proceda.

2. No suposto de gastos en transporte público tramitados a través de comercio electrónico non será necesaria a factura dirixida á Universidade, indicada no apartado anterior, servindo de xustificante para a axuda de custo e locomoción para a contratación de billetes de avión, tren ou outro medio de transporte público. A documentación xustificativa deste gasto será a confirmación de reserva na que se indique a contía, a tarxeta de embarque, e a xustificación de ter realizado o pagamento.

3. De acordo coa política de fomento da contratación pública con pequenas e medianas empresas (Pemes), presente tanto nas directivas de contratación pública comunitarias como na lexislación de contratos vixente, incentivarase na medida do posible o número de ofertas recibidas por parte de operadores económicos que reúnan tal condición.

Artigo 21. Ingresos para a compensación de custos indirectos

1. Os ingresos para a compensación dos custos indirectos serán os establecidos no anexo H dos orzamentos. A porcentaxe mínima a aplicar sobre a base imponible das actividades será do 15% para as actividades non incluídas no anexo.

2. O único límite á aplicación dos custes indirectos será o establecido polas entidades financiadoras sobre a elixibilidade ou non dos mesmos.

3. Por resolución reitoral poderanse aprobar porcentaxes bonificadas de ingresos por custos indirectos para actividades que, polo seu carácter estratéxico ou por motivos de interese público, se aliñen cos obxectivos e fins da Institución.

Artigo 22. Retribucións pola docencia en estudos propios

1. Para os efectos previstos no artigo 16.5 do regulamento do Centro de Estudos Propios, establécense as seguintes retribucións máximas:

- Por hora de docencia: 150 euros.

- Por hora de dirección ou coordinación de estudos propios: 90 euros.

2. Así mesmo, establécense como límite máximos globais a percibir anualmente os seguintes:

- 12.000 euros por actividade docente.

- 7.500 euros por dirección ou coordinación.

A suma das retribucións obtidas por actividade docente e por dirección ou coordinación non superará os 15.000 euros.

Para verificar este cumprimento dende a unidade do Centro de Estudos Propios solicitarán información a subárea de contabilidade sobre os importes contabilizados en meses previos do curso académico.

Disposición adicional primeira. *Operacións de crédito a curto prazo.*

Para atender necesidades transitorias de tesouraría, autorízase ao reitor a concertar operacións de crédito a curto prazo, que non excedan de un ano, sempre que exista crédito suficiente nas partidas de gasto. Para estes efectos terán a consideración de operacións de crédito a curto prazo, entre outras, os préstamos e créditos concedidos por entidades financeiras para cubrir desfases transitorios de tesouraría.

Disposición adicional segunda. *Adaptación das partidas do orzamento.*

Se, como consecuencia da aprobación de reestruturacións orgánicas ou de medidas de racionalización na xestión do gasto, se producen cambios na codificación das partidas do orzamento os compromisos adquiridos serán imputados de oficio nas partidas resultantes.

Disposición adicional terceira. *Recoñecemento extraxudicial de créditos.*

Sen prexuízo do procedemento indicado no artigo 7 establécese un procedemento excepcional de recoñecemento extraxudicial de créditos a favor de terceiros, referido a aqueles gastos que non foron legalmente contraídos para os que se dispón no exercicio corrente de crédito adecuado e suficiente. Nestes supostos a imputación ao exercicio corrente requirirá de:

- Solicitud motivada da persoa que exerza a dirección da unidade de gasto
- Informe sobre as repercusións xurídicas do recoñecemento extraxudicial de créditos - Informe favorable do Servizo de Control Interno
- Proposta de aprobación por parte da Xerencia
- Autorización definitiva polo Consello de Goberno e Consello Social.

Disposición adicional cuarta. *Clasificación das partidas do orzamento.*

1. De acordo cos obxectivos declarados na exposición de motivos do Regulamento de xestión orzamentaria, a Xerencia actualizará as clasificacións económicas das partidas de gastos e ingresos adaptándoas á clasificación da administración da Comunidade Autónoma e do Estado para aquelas tipoloxías de créditos que sexan comúns, e especificando os créditos que, pola súa singularidade, non teñan equivalencia noutras administracións.

2. A Xerencia elaborará igualmente unha proposta de clasificación funcional dos gastos, que atenderá aos fins atribuídos á USC como universidade pública, e permita unha mellor categorización e comprensión da utilización dos recursos públicos xestionados.

3. As clasificacións indicadas serán publicadas pola Xerencia e manteranse actualizadas permanentemente do mesmo xeito que a clasificación orgánica.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento das bases de execución.*

Facúltase ao Xerente da Universidade para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución do previsto nestas bases.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Estas bases e os orzamentos da Universidade de Santiago de Compostela para o ano 2024 entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2024.

III. ANEXOS

Anexo A. Estrutura orgánica da xestión orzamentaria

ÓRGANOS DE GOBERNO

- 8010 Reitoría
- 8301 Delegado/a para o Campus Terra
- 8302 Delegado/a de Racionalización e Calidade Normativa
- 8303 Delegado/a de Transferencia do Coñecemento
- 8304 Delegado/a para a Igualdade
- 8305 Delegado/a para o Deporte
- 8306 Delegado para o Ensino Medio e CIUG
- 8050 Vicerreitoría de Política Científica
- 8042 Vicerreitoría de Organización Académica e Campus de Lugo
- 8043 Vicerreitoría de Estudantes e Cultura
- 8046 Vicerreitoría de Profesorado
- 8051 Vicerreitoría de Transformación Dixital e Innovación
- 8052 Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización
- 8060 Secretaria Xeral
- 8070 Consello Social
- 8075 Xerencia
- 8191 Vicexerencia Xeral Técnica

FACULTADES E ESCOLAS TÉCNICAS SUPERIORES

- 5010 Facultade de Bioloxía
- 5011 Facultade de Ciencias
- 5012 Facultade de Ciencias da Comunicación
- 5013 Facultade de Administración e Dirección de Empresas
- 5014 Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
- 5015 Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
- 5016 Facultade de Ciencias da Educación
- 5017 Facultade de Formación do Profesorado
- 5024 Facultade de Relacións Laborais
- 5025 Facultade de Dereito
- 5035 Facultade de Farmacia
- 5040 Facultade de Filoloxía
- 5045 Facultade de Filosofía
- 5050 Facultade de Física
- 5053 Facultade de Humanidades
- 5055 Facultade de Medicina e Odontoloxía
- 5056 Facultade de Óptica e Optometría
- 5057 Facultade de Enfermaría
- 5060 Facultade de Matemáticas
- 5064 Facultade de Psicoloxía
- 5065 Facultade de Química
- 5070 Facultade de Veterinaria

- 5075 Facultade de Xeografía e Historia
- 5250 Escola Técnica Superior de Enxeñaría
- 5260 Escola Politécnica Superior de Enxeñaría

DEPARTAMENTOS UNIVERSITARIOS

- 2101 Departamento de Dereito Público e Teoría do Estado
- 2103 Departamento de Dereito Común
- 2108 Departamento de Fundamentos da Análise Económica
- 2109 Departamento de Economía Financeira e Contabilidade
- 2110 Departamento de Organización de Empresas e Comercialización
- 2111 Departamento de Bioquímica e Bioloxía Molecular
- 2112 Departamento de Microbioloxía e Parasitoloxía
- 2113 Departamento de Fisioloxía
- 2114 Departamento de Edafoloxía e Química Agrícola
- 2120 Departamento de Ciencias Morfolóxicas
- 2122 Departamento de Filoloxía Galega
- 2127 Departamento de Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía
- 2128 Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación
- 2132 Departamento de Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía
- 2134 Departamento de Física Aplicada
- 2137 Departamento de Historia da Arte
- 2140 Departamento de Xeografía
- 2142 Departamento de Matemática Aplicada
- 2146 Departamento de Química Inorgánica
- 2147 Departamento de Química Física
- 2148 Departamento de Química Orgánica
- 2149 Departamento de Enxeñaría Química
- 2150 Departamento de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía
- 2151 Departamento de Electrónica e Computación
- 2152 Departamento de Ciencias da Comunicación
- 2165 Departamento de Economía Cuantitativa
- 2167 Departamento de Patoloxía Animal
- 2183 Departamento de Botánica
- 2186 Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá
- 2189 Departamento de Anatomía, Producción Animal e Ciencias Clínicas Veterinarias
- 2190 Departamento de Bioloxía Funcional
- 2191 Departamento de Ciencia Política e Socioloxía
- 2192 Departamento de Ciencias Forenses, Anatomía Patolóxica, Xinecoloxía e Obstetricia e Pediatría
- 2193 Departamento de Cirurxía e Especialidades Médico-Cirúrxicas
- 2194 Departamento de Dereito Público Especial e da Empresa
- 2195 Departamento de Didácticas Aplicadas
- 2196 Departamento de Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica
- 2197 Departamento de Filoloxía Clásica, Francesa e Italiana
- 2198 Departamento de Filosofía e Antropoloxía
- 2199 Departamento de Historia

- Departamento de Lingua e Literatura Españolas, Teoría da Literatura e Lingüística
- 21A1 Xera
- 21A2 Departamento de Matemáticas
- 21A3 Departamento de Pedagogía e Didáctica
- 21A4 Departamento de Producción Vexetal e Proxectos de Enxeñaría
- 21A6 Departamento de Zooloxía, Xenética e Antropoloxía Física
- 21A7 Departamento de Economía Aplicada
- 21A8 Departamento de Física de Partículas
- 21A9 Departamento de Enxeñaría Agroforestal
- 21B1 Departamento de Estatística, Análise Matemática e Optimización
- 21B2 Departamento de Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermaría e Medicina

CENTROS SINGULARES DE INVESTIGACIÓN

- 2002 Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CiQUS)
- 2003 Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CiMUS)
- 2005 Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes (CiTIUS)
- 2010 Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE)
- 2011 Centro de Investigación Interdisciplinar en Tecnoloxías Ambientais (CRETUS)

INSTITUTOS UNIVERSITARIOS

- 6010 Instituto de Ciencias da Educación (ICE)
- 6015 Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA)
- 6025 Instituto da Lingua Galega (ILG)
- 6030 Instituto de Criminoloxía
- 6036 Instituto de Materiais (iMATUS)
- 6040 Instituto de Ciencias Forenses "Luis Concheiro" (INCIFOR)
- 6046 Instituto de Investigación en Análises Químicas e Biolóxicas (IIAQBUS)
- 6075 Instituto de Acuicultura
- 6095 Instituto Universitario de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER)

CENTROS DE INVESTIGACIÓN INTERUNIVERSIARIOS

- 6201 Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMAga)

ENTIDADES ESPECIALIZADAS

- Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero
- 6107 (CIFEX)
- 6109 Centro Propio de Carácter Mixto de Estudos de Seguridade (CESEG)

OUTROS CENTROS

- 5511 Escola de Doutoramento Internacional da USC (EDIUS)
- 7575 Valedor da Comunidade Universitaria

(acceso á información completa da [codificación corporativa](#))

Anexo B. Orzamento de ingresos 2024

CAPÍTULO III. PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS

Código orgánico	Código económico	Denominación	Crédito non afectado	Crédito afectado	Crédito total
8075	31000	PREZOS PÚBLICOS DE MATRÍCULA EN ESTUDOS OFICIAIS DE GRAO E MÁSTER	18.700.000	-	18.700.000
8075	31100	PREZOS PÚBLICOS POR MATRÍCULA EN ESTUDOS DE POSGRAO PROPIO	1.100.000	-	1.100.000
8075	31102	UNIVERSIDADE DE VERÁN	70.000	-	70.000
8075	31103	PREZOS PÚBLICOS. CENTRO LINGUAS MODERNAS	84.000	-	84.000
8075	31106	MATRICULA CUARTO CICLO	55.000	-	55.000
8075	31900	PREZOS OUTROS ESTUDOS	50.000	-	50.000
8075	32000	DEREITOS DE INSCRICIÓN EN OPOSICIÓN E CONCURSOS	100.000	-	100.000
8075	32100	INSCRICIÓN EN CONGRESOS, XORNADAS E SEMINARIOS	300.000	-	300.000
8075	32200	DEREITOS ALOXAMENTO SERVIZO UNIVERSITARIO DE RESIDENCIAS	2.400.000	-	2.400.000
8050	32300	SERVIZOS PRESTADOS POR ACTIVIDADES DE I+D+i	10.100.000	-	10.100.000
8075	32400	OUTROS SERVIZOS DOCENCIA	60.000	-	60.000
8075	32500	INGRESOS POR USO DE INSTALACIÓN DEPORTIVAS	520.000	-	520.000
8075	32600	ESCOLA INFANTIL BREOGÁN	125.000	-	125.000
8075	32700	INGRESOS DA XESTIÓN DOS MUSEOS	160.000	-	160.000
8075	32800	SERVIZOS PRESTADOS POR ATENCIÓN CLÍNICAS	800.000	-	800.000
8075	32900	OUTROS INGRESOS POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS	75.000	-	75.000
8075	33000	VENDAS DE PUBLICACIÓN PROPIAS	70.000	-	70.000
8075	33300	VENDA DE ENERXÍA ELÉCTRICA	100.000	-	100.000
8075	38103	INGRESOS POR COMPENSACIÓN DE CONSUMOS, SUBMINISTRACIÓN CONCESIONARIOS	250.000	-	250.000
8075	38108	INGRESOS POR COMPENSACIÓN DE SEGUROS	40.000	-	40.000
8075	38109	INGRESOS POR COMPENSACIÓN DE CONSUMOS, COMPLEXO DOCENTE	150.000	-	150.000
8075	39999	OUTROS INGRESO DIVERSOS	200.000	-	200.000
TOTAL CAPÍTULO III. PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS			35.509.000	0	35.509.000

CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES

Código orgánico	Código económico	Denominación	Crédito no afectado	Crédito afectado	Crédito total
8075	41001	SEPIE (SERV.ESPAÑOL INTERNACIONALIZACION) - ERASMUS	-	1.800.000	1.800.000
8075	43000	INGRESOS DE ORGANISMOS PÚBLICOS AUTONÓMICOS	-	505.653	505.653
8075	45501	PGFU. FINANCIAMENTO NON CONDICIONADO. CUSTE ESTÁNDAR	112.920.246	-	112.920.246
8075	45502	PGFU. FINANCIAMENTO NON CONDICIONADO. CUSTES ASOCIADOS AO FUNCIONAMENTO DO SUG. CONSELLO SOCIAL	200.000	-	200.000
8075	45503	PGFU. FINANCIAMENTO NON CONDICIONADO. PANEL DE INDICADORES. INGRESOS CORRENTES	13.411.179	-	13.411.179
8075	45504	PGFU. FINANCIAMENTO NON CONDICIONADO. COMPLEMENTOS RETRIBUTIVOS E COMPENSACIÓN POR MATRÍCULAS	8.506.628	-	8.506.628
8075	45520	PGFU. FINANCIAMENTO NON CONDICIONADO. GASTO CORRENTE E MANTEMENTO DE INFRAESTRUTURAS	10.042.626	-	10.042.626
8075	45521	PGFU. FINANCIAMENTO NON CONDICIONADO. FOMENTO DA I+D+i E A TRANSFERENCIA	6.229.926	-	6.229.926
8075	45540	PGFU. FINANCIAMENTO NON CONDICIONADO. CUSTE ESTÁNDAR (PRAZAS VINCULADAS)	4.446.353	-	4.446.353
8075	46000	INGRESOS CORRENTES DE CORPORACIÓNS LOCAIS	106.618	604.168	710.786
8075	47000	INGRESOS CORRENTES DE EMPRESAS PRIVADAS	-	214.900	214.900
8075	47001	CONVENIO CO BANCO SANTANDER	-	1.200.000	1.200.000
8075	48000	INGRESOS DE FAMILIAS E INSTITUCIONS SEN FINS DE LUCRO	-	73.300	73.300
TOTAL CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES			155.863.576	4.398.021	160.261.597

CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS

Código orgánico	Código económico	Denominación	Crédito non afectado	Crédito afectado	Crédito total
8075	52001	INGRESOS XUROS	100.000	-	100.000
8075	54000	INGRESOS POR CESIÓN DE ESPAZOS	440.000	-	440.000
8075	55000	INGRESOS DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVAS	187.000	-	187.000
TOTAL CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS			727.000	0	727.000

CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

Código orgánico	Código económico	Denominación	Crédito non afectado	Crédito afectado	Crédito total
8050	70100	OUTROS DEPARTAMENTOS MINISTERIAIS	452.320	4.070.880	4.523.200
8050	70199	FONDOS PARA PROGRAMAS DO PLAN DE TRANSFORMACIÓN, RECUPERACIÓN E RESILIENCIA ANOS ANTERIORES	-	9.066.194	9.066.194
8075	70199	FONDOS ESTATAIS PARA PROGRAMAS DO PLAN DE TRANSFORMACIÓN, RECUPERACIÓN E RESILIENCIA	681.000	3.859.000	4.540.000
8050	71020	AXENCIA ESTATAL DE INVESTIGACIÓN	2.660.416	13.616.684	16.277.100
8050	73000	DE ORGANISMOS PÚBLICOS AUTÓNOMICOS E AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS	104.638	941.721	1.046.359
8075	75111	CONVENIOS COA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA PARA INVESTIMENTOS	-	7.260.523	7.260.523
8050	75500	PGFU. FOMENTO DA INVESTIGACIÓN	6.374.180	25.496.720	31.870.900
8075	75501	PGFU. FINANCIAMENTO NON CONDICIONADO. PANEL DE INDICADORES	13.991.202	-	13.991.202
8075	75502	PGFU. MANTEMENTO DE INFRAESTRUTURAS	3.969.758	-	3.969.758
8075	75560	PGFU. FINANCIAMENTO NON CONDICIONADO. PLAN DE ESTABILIDADE FINANCEIRA, EFICIENCIA E MELLORA ESTRATÉXICA	5.099.700	-	5.099.700
8075	76150	SUBVENCIÓN DEPUTACIÓN DE LUGO	-	370.500	370.500
8050	78000	FAMILIAS E INSTITUCIÓN SEN FINS DE LUCRO	167.540	1.507.860	1.675.400
8050	79500	RECURSOS DE I+D DA UNIÓN EUROPEA	1.898.295	10.757.005	12.655.300

CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL			35.399.049	76.947.087	112.346.136
--	--	--	-------------------	-------------------	--------------------

CAPÍTULO IX. PASIVO FINANCIERO

Código orgánico	Código económico	Denominación	Crédito non afectado	Crédito afectado	Crédito total
8050	95000	FONDOS PARA PROGRAMAS DO PLAN DE RECUPERACION TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA	559.520	5.035.680	5.595.200
CAPÍTULO IX. PASIVO FINANCIERO			559.520	5.035.680	5.595.200

TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS 2024			228.058.145	86.380.788	314.438.933
---	--	--	--------------------	-------------------	--------------------

Anexo C. Orzamento de gastos 2024

CAPÍTULO I. GASTOS DE PERSOAL. RESUMO POR COLECTIVOS

Colectivo	Custes laborais	Orzamento 2024	
PDI Funcionario de Carreira	Retribucións básicas	25.284.200	79.993.580
	Retribucións complementarias	25.509.200	
	Cargos académicos	1.274.500	
	Complemento Mérito Docente	9.508.900	
	Complemento Mérito Investigador	6.430.000	
	Complementos Autonómicos	5.950.800	
	Complementarias SERGAS	2.855.300	
	Complementarias RofCodina	45.900	
	Seguridade Social	3.134.780	
PDI Laboral. Fixo	Retribucións básicas	6.234.500	23.204.600
	Retribucións complementarias	5.928.900	
	Complemento Mérito Docente	1.718.200	
	Complemento Mérito Investigador	764.300	
	Complementos Autonómicos	645.000	
	Seguridade Social	7.913.700	
PDI Laboral. Temporal	Retribucións básicas	7.134.000	11.391.800
	Retribucións complementarias	3.830.800	
	Seguridade Social	427.000	
PDI Funcionario e Laboral. Prestacións Seguridade Social		711.700	711.700
PDI Funcionario e Laboral. Plan de persoal	Plan de persoal	750.000	750.000
PAS Funcionario de Carreira	Retribucións básicas	8.300.000	25.977.246
	Retribucións complementarias	12.176.000	
	Cargos académicos	3.900	
	Seguridade Social	5.197.346	
	Plan de xubilación	300.000	

Colectivo	Custes laborais	Orzamento 2024	
PAS Funcionario. Eventual	Retribucións básicas	147.900	186.354
	Seguridade Social	38.454	
PAS Funcionario. Temporal	Retribucións	2.151.600	2.814.400
	Retribucións complementarias	2.700	
	Seguridade Social	660.100	
PAS Laboral. Fixo	Retribucións básicas	15.617.100	25.982.700
	Retribucións complementarias	4.158.400	
	Seguridade Social	6.007.200	
	Plan de xubilación	200.000	
PAS Laboral. Temporal	Retribucións	1.797.500	2.090.000
	Seguridade Social	292.500	
PAS Funcionario e Laboral. Prestacións Seguridade Social		1.558.000	1.558.000
PAS Funcionario e Laboral. Plan de persoal		750.000	750.000
Altos Cargos (Reitor, Secretaría Xeral e Xerente)	Retribucións básicas	52.908	324.720
	Retribucións complementarias	211.092	
	Seguridade Social	60.720	
Persoal directivo. Funcionario	Retribucións	474.000	915.800
	Seguridade Social	101.400	
Persoal directivo. Laboral	Retribucións	262.000	
	Seguridade Social	78.400	
Gratificacións (artigo 15)		15.700	15.700
Acción Social		576.400	576.400
TOTAIS		177.243.000	177.243.000

CAPÍTULO I. GASTOS DE PERSOAL. CRÉDITO POR PARTIDAS

Código orgánico	Código funcional	Código económico	Denominación	Credito non afectado	Crédito afectado	Crédito total
8075	3000	10010	Altos Cargos. Retribucións	264.000	-	264.000
8075	3000	10020	Persoal Directivo Funcionario. Retribucións	474.000	-	474.000
8075	3000	10030	Persoal Directivo Laboral. Retribucións	262.000	-	262.000
8075	3000	11010	Persoal Eventual. Retribucións básicas	147.900	-	147.900
8075	3000	11011	Persoal Eventual. Retribucións complementarias	2.700	-	2.700
8075	3000	12010	PAS Funcionario. Soldo	6.560.800	-	6.560.800
8075	3000	12011	PAS Funcionario. Trienios	1.739.200	-	1.739.200
8075	3000	12013	PAS Funcionario, substitucións transitorias. Retribucións	1.681.200	-	1.681.200
8075	3000	12014	PAS Funcionario. Programa Temporal e Acumulación de Tarefas. Retribucións	368.400	-	368.400
8075	3000	12020	PDI Funcionario. Soldo	18.295.200	-	18.295.200
8075	3000	12021	PDI Funcionario. Trienios	6.989.000	-	6.989.000
8075	3000	12050	PAS Funcionario. IT-Prestación Seguridade Social	596.500	-	596.500
8075	3000	12051	PAS Funcionario. IT-Prestación empresa	64.700	-	64.700
8075	3000	12052	PAS Funcionario. IT- Complemento IT	171.200	-	171.200
8075	3000	12070	PDI Funcionario. IT-Prestación Seguridade Social	286.400	-	286.400
8075	3000	12071	PDI Funcionario. IT-Prestación empresa	39.400	-	39.400
8075	3000	12072	PDI Funcionario. IT- Complemento IT	140.400	-	140.400
8075	3000	12110	PAS Funcionario. Complemento Destino	4.137.700	-	4.137.700
8075	3000	12111	PAS Funcionario. Complemento Específico	6.453.600	-	6.453.600
8075	3000	12112	PAS Funcionario. Cargos Académicos	3.900	-	3.900
8075	3000	12114	PAS Funcionario. IPC Galego	110.200	-	110.200
8075	3000	12116	PAS Funcionario. Complemento de Antigüidade e Homoxeneización	1.072.200	-	1.072.200

Código orgánico	Código funcional	Código económico	Denominación	Credito non afectado	Crédito afectado	Crédito total
8075	3000	12118	PAS Funcionario. Carreira Administrativa	402.300	-	402.300
8075	3000	12120	PDI Funcionario. Complemento Destino	14.439.600	-	14.439.600
8075	3000	12121	PDI Funcionario. Complemento Específico	10.763.400	-	10.763.400
8075	3000	12122	PDI Funcionario. Mérito Docente (Quinquenios)	9.490.800	-	9.490.800
8075	3000	12124	Cargos Académicos Docentes	1.274.500	-	1.274.500
8075	3000	12127	PDI Funcionario. Sexenios ensino non universitario	18.100	-	18.100
8075	3000	12128	PDI Funcionario. IPC Galego	306.200	-	306.200
8075	3000	12203	PAS Funcionario. Plan de Xubilacións Anticipadas	300.000	-	300.000
8075	3000	12204	PAS Funcionario e Laboral. Plan de persoal e accións de mellora	750.000	-	750.000
8075	3000	12205	PAS Funcionario. Indemnizacións por despido	102.000	-	102.000
8075	3000	12251	PDI Funcionario e Laboral. Plan de persoal e accións de mellora	750.000	-	750.000
8075	3000	13000	PAS Laboral Fixo. Soldo	13.174.000	-	13.174.000
8075	3000	13001	PAS Laboral Fixo. Trienios	2.436.400	-	2.436.400
8075	3000	13002	PAS Laboral Fixo. Paga extra	6.700	-	6.700
8075	3000	13008	PAS Laboral Fixo. Gratificación xubilación	200.000	-	200.000
8075	3000	13018	PAS Laboral. Carreira Administrativa	375.800	-	375.800
8075	3000	13021	PAS Laboral Fixo. Complemento Persoal Transitorio (CPT)	6.300	-	6.300
8075	3000	13030	PAS Laboral Fixo. Plus Categoría	2.102.200	-	2.102.200
8075	3000	13031	PAS Laboral Fixo. Plus Posto Singularizado	1.259.100	-	1.259.100
8075	3000	13033	PAS Laboral Fixo. Plus Xornada	387.900	-	387.900
8075	3000	13034	PAS Laboral Fixo. Plus Especial Responsabilidades	22.900	-	22.900
8075	3000	13037	PAS Laboral Fixo. Plus de Nocturnidade	4.200	-	4.200
8075	3000	13050	PAS Laboral. IT-Prestación Seguridade Social	574.900	-	574.900
8075	3000	13051	PAS Laboral. IT-Prestación empresa	67.900	-	67.900
8075	3000	13052	PAS Laboral. IT- Complemento IT	82.800	-	82.800
8075	3000	13060	PDI Laboral. Soldo	5.028.800	-	5.028.800

Código orgánico	Código funcional	Código económico	Denominación	Credito non afectado	Crédito afectado	Crédito total
8075	3000	13061	PDI Laboral. Complemento de Destino	3.756.900	-	3.756.900
8075	3000	13062	PDI Laboral. Complemento Específico	2.104.000	-	2.104.000
8075	3000	13063	PDI Laboral. Trienios	1.205.700	-	1.205.700
8075	3000	13066	PDI Laboral. Mérito Docente (Quinquenios)	1.718.200	-	1.718.200
8075	3000	13068	PDI Laboral. IPC Galego	68.000	-	68.000
8075	3000	13080	PDI Laboral. IT-Prestación Seguridade Social	24.800	-	24.800
8075	3000	13081	PDI Laboral. IT-Prestación empresa	54.200	-	54.200
8075	3000	13082	PDI Laboral. IT- Complemento IT	166.500	-	166.500
8075	3000	13103	Persoal Laboral. Indemnizacións	102.000	-	102.000
8075	3000	13105	PAS Laboral. Substitucións transitorias. Retribucións	878.500	-	878.500
8075	3000	13106	PAS Laboral. Programa Temporal e Acumulación de Tarefas. Retribucións	104.400	-	104.400
8075	3000	13107	PDI Laboral. Substitución IT e Outros. Retribucións	356.000	-	356.000
8075	3000	13108	PDI Laboral.Substitución Servizos Especiais e Outros. Retribucións	321.700	-	321.700
8075	3000	13109	PDI Laboral. Redución Docencia. Retribucións	543.100	-	543.100
8075	3000	13160	PDI Laboral. Soldo	5.580.600	-	5.580.600
8075	3000	13161	PDI Laboral. Complemento Destino	3.709.300	-	3.709.300
8075	3000	13162	PDI Laboral. Complemento Específico	80.800	-	80.800
8075	3000	13163	PDI Laboral. Trienios	265.000	-	265.000
8075	3000	13165	PDI Laboral. IPC Galego	40.700	-	40.700
8075	3000	13300	Persoal Laboral outros	712.600	-	712.600
8075	3000	14800	PDI Emerito	67.600	-	67.600
8075	3000	15000	Produtividade e gratificacións	15.700	-	15.700
8075	3000	16001	PAS Funcionario. Seguridade Social	5.235.800	-	5.235.800
8075	3000	16002	PAS Laboral. Seguridade Social	5.959.400	-	5.959.400
8075	3000	16013	SERGAS. Seguridade Social	496.200	-	496.200

Código orgánico	Código funcional	Código económico	Denominación	Credito non afectado	Crédito afectado	Crédito total
8075	3000	16014	PAS Funcionario. Substitucións transitorias. Seguridade Social	521.000	-	521.000
8075	3000	16016	Persoal Directivo Funcionario. Seguridade Social	101.400	-	101.400
8075	3000	16017	Persoal Directivo Laboral. Seguridade Social	78.400	-	78.400
8075	3000	16018	PAS Laboral. Substitucións transitorias. Seguridade Social	251.600	-	251.600
8075	3000	16019	PAS Funcionario. Programa Temporal e Acumulación de Tarefas. Seguridade Social	139.100	-	139.100
8075	3000	16020	PDI Laboral. Seguridade Social	7.913.700	-	7.913.700
8075	3000	16021	PDI Funcionario. Seguridade Social	2.699.300	-	2.699.300
8075	3000	16022	PAS Laboral. Programa Temporal e Acumulación de Tarefas. Seguridade Social	40.900	-	40.900
8075	3000	16023	PDI Laboral. Substitución IT e Outros. Seguridade Social	119.800	-	119.800
8075	3000	16024	PDI Laboral. Substitución Servizos Especiais e Outros. Seguridade Social	112.900	-	112.900
8075	3000	16025	PDI Laboral. Redución Docencia. Seguridade Social	194.300	-	194.300
8075	3000	16040	PAS Laboral outro. Seguridade Social	47.800	-	47.800
8075	8000	12023	PDI Funcionario. Trienios SERGAS	174.300	-	174.300
8075	8000	12123	PDI Funcionario. Produtividade Investigadora (Sexenios)	6.430.000	-	6.430.000
8075	8000	12131	PDI Funcionario. Complementos Autonómicos	5.950.800	-	5.950.800
8075	8000	12140	PDI Funcionario. Complemento Actividade Asistencial Rof Codina	45.900	-	45.900
8075	8000	12141	PDI Funcionario. Complemento Asistencial Fixo SERGAS	1.747.800	-	1.747.800
8075	8000	12143	PDI Funcionario. Complemento Produtividade variable SERGAS	68.400	-	68.400
8075	8000	12144	PDI Funcionario. Complemento Acordo SERGAS	864.800	-	864.800
8075	8000	13065	PDI Laboral. Complementos Retributivos Autonómicos	645.000	-	645.000
8075	8000	13067	PDI Laboral. Produtividade Investigadora (Sexenios)	764.300	-	764.300
8075	9000	16200	Gastos Sociais	576.400	-	576.400
TOTAL CAPÍTULO I. GASTOS DE PERSOAL				177.243.000	0	177.243.000

CAPÍTULO II. GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS

Código orgánico	Código funcional	Código económico	Denominación	Credito non afectado	Crédito afectado	Crédito total
8075	3000	20400	Arrendamento de vehículos	142.010	-	142.010
8051	3004	20600	Licenzas de software para aplicacións corporativas de uso común na USC	457.800	-	457.800
8075	3000	20600	Arrendamento centralizado de equipos impresión	36.800	-	36.800
8075	3000	21200	Reparación e mantemento de edificios da Xerencia	160.000	-	160.000
8075	3000	21300	Reparación e mantemento maquinaria e instalacións	2.081.859	-	2.081.859
8075	3000	21400	Reparación e mantemento de vehículos	8.400	-	8.400
8050	2000	21500	Reparación de equipamento e material científico	358.000	-	358.000
8051	3004	21500	Reparación e mantemento de equipamento TIC	410.000	-	410.000
8075	3000	21500	Reparación e mantemento de equipamento e mobiliario. Xerencia	12.000	-	12.000
8010	3023	22000	Gastos correntes do SERVIMAV	3.500	-	3.500
8010	3000	22000	Gastos correntes da Oficina do Reitor	40.000	-	40.000
8042	3000	22000	Gastos correntes da Vicerreitoría de Organización Académica e Campus de Lugo	10.000	-	10.000
8043	3000	22000	Gastos correntes da Vicerreitoría de Estudantes e Cultura	11.350	-	11.350
8043	4205	22000	Gastos correntes do Museo Domus Mitrea	4.600	-	4.600
8046	3000	22000	Gastos correntes da Vicerreitoría de Profesorado.	2.000	-	2.000
8050	3000	22000	Gastos correntes da Vicerreitoría de Política Científica	18.000	-	18.000
8050	4204	22000	Gastos correntes do Museo de Historia Natural	44.550	-	44.550
8050	2004	22000	Gastos correntes do CEBEGA	15.000	-	15.000
8050	2002	22000	Gastos correntes da Rede de Estacións Biolóxicas	5.000	-	5.000
8050	2003	22000	Gastos correntes do Observatorio Astronómico	2.000	-	2.000
8050	2001	22000	Gastos correntes dos institutos de investigación	27.000	-	27.000
8051	3024	22000	Gastos correntes do Servizo de Publicacións Intercambio Científico	10.000	-	10.000
8051	3100	22000	Gastos correntes da BUSC	82.800	-	82.800

Código orgánico	Código funcional	Código económico	Denominación	Credito non afectado	Crédito afectado	Crédito total
8051	3000	22000	Gastos correntes da Vicerreitoría de Transformación Dixital e Innovación	22.500	-	22.500
8051	3101	22000	Gastos correntes do Arquivo Histórico	12.750	-	12.750
8051	3590	22000	Fondo. Convenio Banco Santander. Gastos correntes	-	200.000	200.000
8052	3000	22000	Gastos correntes da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización	10.000	-	10.000
8052	1400	22000	Gastos correntes do Centro de Estudos Propios	5000	-	5.000
8052	3043	22000	Gastos correntes da Escola de Doutoramento Internacional (EDIUS)	30.000	-	30.000
8060	3000	22000	Gastos correntes da Secretaría Xeral	150.000	-	150.000
8070	3000	22000	Gastos correntes do Consello Social	19.000	-	19.000
8075	3500	22000	Gastos correntes dos centros docentes	1.171.000	-	1.171.000
8075	3005	22000	Gastos correntes do Centro de Formación de Persoal	157.000	-	157.000
8075	3000	22000	Gastos correntes da Xerencia	66.000	-	66.000
8075	3533	22000	Fondo. Actividades financiadas por prestación de servizos	105.400	-	105.400
8075	3532	22000	Fondo. Actividades financiadas por convenios	64.950	368.050	433.000
8075	3530	22000	Fondo. Dotación xerada por cesión de espazos	200.000	-	200.000
8051	3100	22007	Adquisición libros para a BUSC	325.000	-	325.000
8051	3100	22008	Adquisicións revistas e outras publicacións por parte da BUSC	525.000	-	525.000
8043	4100	22100	Subministracións Servizo Universitario de Residencias	80.000	-	80.000
8075	3000	22100	Subministracións centralizadas	8.566.572	-	8.566.572
8075	3000	22200	Comunicacións. Servizos centrais	55.000	-	55.000
8075	3000	22400	Primas de seguros	189.045	-	189.045
8075	3000	22500	Tributos	85.000	-	85.000
8052	3307	22600	Medidas de posicionamento, atracción e proxección internacional	210.000	-	210.000
8052	3303	22600	Relacións internacionais institucionais. Vicerreitoría Titulacións e Internacionalización	15.000	-	15.000

Código orgánico	Código funcional	Código económico	Denominación	Credito non afectado	Crédito afectado	Crédito total
8010	3000	22601	Atencións protocolarias da Oficina do Reitor	10.000	-	10.000
8042	3000	22601	Atencións protocolarias da Vicerreitoría de Organización Académica e Campus de Lugo	1.500	-	1.500
8043	3000	22601	Atencións protocolarias da Vicerreitoría de Estudantes e Cultura	1.500	-	1.500
8046	3000	22601	Atencións protocolarias da Vicerreitoría de Profesorado	1.500	-	1.500
8050	3000	22601	Atencións protocolarias da Vicerreitoría de Política Científica	1.500	-	1.500
8052	3000	22601	Atencións protocolarias da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización	1.500	-	1.500
8060	3000	22601	Atencións protocolarias da Secretaría Xeral	1.500	-	1.500
8070	3000	22601	Atencións protocolarias do Consello Social	10.000	-	10.000
8075	3000	22601	Atencións protocolarias da Xerencia	5.000	-	5.000
8010	3000	22602	Gastos do Gabinete do Reitor	130.000	-	130.000
8051	3051	22602	Normalización lingüística: información e divulgación	30.000	-	30.000
8060	3000	22603	Gastos xurídicos e contenciosos de servizos centrais	100.000	-	100.000
8060	3000	22605	Servizos centrais. Procesos electorais	20.000	-	20.000
8042	3540	22607	Prácticas de campo de centros docentes	100.000	-	100.000
8046	3000	22609	Gastos diversos da Vicerreitoría do profesorado	20.300	-	20.300
8052	3200	22609	Accións de mellora da calidade	40.000	-	40.000
8075	1001	22609	Gastos da Área académica e expedición de títulos	183.000	-	183.000
8043	4511	22700	Catálogo do patrimonio e de espazos	20.000	-	20.000
8051	3004	22700	Traballos realizados por empresas e profesionais para a Área TIC	800.000	-	800.000
8051	3102	22700	Dixitalización contidos audiovisuais da BUSC	10.000	-	10.000
8051	3100	22700	Acceso revistas electrónicas da BUSC	1.508.793	-	1.508.793
8070	3000	22700	Servizos encargados ao exterior. Consello Social	27.500	-	27.500
8075	3000	22700	Estudos, asistencia e traballos técnicos encargados ao exterior pola Xerencia	293.670	-	293.670

Código orgánico	Código funcional	Código económico	Denominación	Credito non afectado	Crédito afectado	Crédito total
8075	3000	22702	Servizo de vixilancia da USC	1.546.000	-	1.546.000
8043	4000	22800	Cursos e conferencias da Vicerreitoría de Estudantes e Cultura	12.750	-	12.750
8075	3534	22800	Fondo. Cursos de verán	85.000	-	85.000
8010	4602	22900	Programa A Ponte	5.925	33.575	39.500
8043	4200	22900	Actividades de Área de Cultura	36.300	112.000	148.300
8043	4005	22900	Consello do Estudantado	8.000	-	8.000
8043	4017	22900	Programa Lugo Cultural	9.000	51.000	60.000
8043	4500	22900	Participación e integración universitaria	5.000	-	5.000
8043	4510	22900	Orientación Laboral e Emprego	7.000	-	7.000
8043	4202	22900	Apoio á comunidade universitaria para o desenvolvemento de actividade culturais e deportivas	50.000	-	50.000
8043	4203	22900	Xornadas de Benvida	20.000	-	20.000
8075	3531	22900	Fondo. Actividades financiadas por mecenado	100.000	-	100.000
8046	3000	23000	Axudas de custo e locomoción docencia multicampus da Vicerreitoría de Profesorado	6.000	-	6.000
8052	3000	23000	Axudas de custo e locomoción da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización	8.000	-	8.000
8070	3000	23000	Axudas de custo e locomoción	11.000	-	11.000
8075	3000	23000	Axudas de custo e locomoción ordinarias dos servizos centrais	5.000	-	5.000
8075	3000	23002	Tribunais teses de doutoramento	60.000	-	60.000
8075	3000	23301	Tribunais e órganos de selección prazas PDI	125.000	-	125.000
8075	3000	23302	Tribunais e órganos de selección prazas PAS e PI	45.000	-	45.000
8075	3000	23303	Cargos académicos estudantes	20.000	-	20.000
8075	316D	24001	Limpeza das instalacións da USC	7.200.000	-	7.200.000
8075	316D	24002	Prestación do servizo integral de reprografía, edición e impresión dixital	170.500	-	170.500

Código orgánico	Código funcional	Código económico	Denominación	Credito non afectado	Crédito afectado	Crédito total
8075	316D	24003	Prestación da actividade instrumental de servizos informáticos	243.600	-	243.600
8075	316D	24004	Prestación da actividade instrumental de proxección institucional e imaxe da USC	180.000	-	180.000
8052	1200	25000	Apoio docencia dos máster oficiais	195.250	-	195.250
8043	1801	25100	Gastos de organización e desenvolvemento do IV Ciclo	7.125	40.375	47.500
8052	3520	25100	Fondo. Cursos dotados polo Centro de Estudos Propios	935.000	-	935.000
8304	3028	22000	Gastos correntes da oficina de igualdade de xénero (OIX)	24.000	-	24.000
8305	4401	22900	Gasto corrente. Área de Deportes	57.500	-	57.500
8305	4401	24005	Actividades deportivas	440.000	-	440.000
8191	4800	22000	Gastos correntes da Escola Infantil Breogán	25.000	-	25.000
8191	3008	22700	Traballos encargados ao exterior no ámbito da prevención de riscos	501.297	-	501.297
7575	3000	22000	Gastos correntes do Valedor da Comunidade Universitaria	1.000	-	1.000
6030	3000	22000	Gastos correntes do Instituto de Criminoloxía	5.000	-	5.000
TOTAL CAPÍTULO II. GASTOS CORRENTE				31.474.396	805.000	32.279.396

CAPÍTULO III. GASTOS FINANZEIROS

Código orgánico	Código funcional	Código económico	Denominación	Credito non afectado	Crédito afectado	Crédito total
8075	5000	30000	Xuros de préstamos	375.000	-	375.000
8075	5000	35200	Xuros de demora	250.000	-	250.000
8075	5000	35900	Outros gastos financeiros	200.000	-	200.000
TOTAL CAPÍTULO III. GASTOS FINANZEIROS				825.000	-	825.000

CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES

Código orgánico	Código funcional	Código económico	Denominación	Credito non afectado	Crédito afectado	Crédito total
8010	3941	48000	Axudas necesidades urxentes comunidade universitaria	10.000	-	10.000
8043	4206	48000	Axudas. Vicerreitoría de Estudantes e Cultura	12.000	-	12.000
8043	4207	48000	Vicerreitoría de Estudantes e Cultura. Proxectos culturais	7.000	-	7.000
8052	3521	48000	Fondo para a xestión de axudas do programa Erasmus	0	1.800.000	1.800.000
8070	3919	48000	Axudas extraordinarias do Consello Social por causas sobrevidas	37.500	-	37.500
8070	3921	48000	Convocatoria de axudas do Consello Social	15.000	-	15.000
